

# Programación DIDÁCTICA CONXUNTO

Conservatorio Profesional de  
Música de Culleredo

## INTRODUCCIÓN

O Conxunto instrumental constitúe un espazo de formación de primeira orde para experimentar e aplicar, ademais das habilidades adquiridas na clase de instrumento da especialidade, os coñecementos adquiridos en todas as materias. Desde este punto de vista, o conxunto tamén poderá permitir percorrer o repertorio para diferentes formacións, de diferentes épocas ou estilos, co que se demostra unha vez máis que os obxectivos dunhas e outras materias deben coordinarse desde unha perspectiva común.

O proceso de ensino e aprendizaxe das diversas especialidades instrumentais ten un forzoso carácter individual, por iso, o currículo que agora se presenta alberga, como unha nova materia dun colectivo de estudantes, a materia de conxunto, que terá por finalidade, en esencia, a actividade de grupo, como no caso da orquestra, da banda ou do coro, todas elas dirixidas ao proceso de obtención de novos coñecementos e á súa aplicación na práctica social e representativa do centro no que se realizan os estudos.

A educación musical non pode nin debe perseguir como única meta a formación de solistas. O carácter propedéutico dos ensinos profesionais de música leva a incorporación dos alumnos e das alumnas ás distintas agrupacións que se configuren nos seus centros a fin de propiciar un marco amplo de experiencias que permita ao alumno e á alumna dirixirse cara á formación musical que máis se adapte ás súas calidades, coñecementos e intereses.

A práctica indistinta de grupo, xa sexa na orquestra, a banda, o coro ou, no seu caso, o conxunto que corresponda, ten por finalidade facilitar a participación, a través de distintas formacións, de todo o alumnado ao procurarse unha organización máis flexible do ensino.

Por unha banda, esta participación en agrupacións permitirá que determinados instrumentos con dificultades de integración teñan o marco adecuado para a práctica instrumental colectiva, e por outra, supón e garante a presenza activa dos alumnos e das alumnas nunha das actividades, que xunto co coro, a orquestra ou a banda, implican maior proxección do centro na sociedade.

As tradicionais asociacións de instrumentos darán paso a un repertorio que alberga un complexo armazón de interrelacións instrumentais sen perder a unidade de criterio e a igualdade da execución que han de ser as principais metas a alcanzar. O alumno e a alumna, como noutras agrupacións, deberá incrementar a actitude de escoita de todo aquilo que rodea a propia execución unipersoal co gallo de conseguir aspectos inherentes a toda boa interpretación na agrupación: afinación, empaste, homogeneidad no fraseo, igualdade nos ataques, claridade nas texturas, etc., adquirindo progresivamente, unha serie de habilidades e hábitos acordes co seu papel no grupo que estará condicionado ao repertorio do seu instrumento.

No caso de instrumentos cunha literatura escasa ou con dificultades de inserción no marco da orquestra ou a banda, o conxunto supón a posibilidade de profundizar nas obras máis relevantes que lle son propias ao instrumento co que iso implica de enriquecemento na formación musical do alumno e da alumna. Por outra banda, a convivencia con instrumentos de natureza e técnicas próximas, así como a posibilidade de participación noutras agrupacións con instrumentos de natureza diversa, proporcionará ao alumno e á alumna unha visión máis ampla do feito musical e enriquecerá o seu coñecemento dos timbres e das diversas peculiaridades organolóxicas. En suma, o alumno e a alumna sentiranse partícipes dunha interpretación colectiva dando paso a un enriquecemento persoal e musical do instrumentista que dificilmente pode ser abordado desde a experiencia individual co instrumento.

En síntese, do mesmo xeito que sucede na orquestra, a banda ou o coro, o conxunto propiciará a responsabilidade compartida. Por unha banda, as relacións humanas entre os alumnos e as alumnas, afeitos á práctica instrumental individual levarán, como membros dun corpo colectivo, todo un exercicio de adaptación ao grupo e de aceptación doutros instrumentistas. Por outra, a práctica en grupo motivará a actitude de escoita, propiciará a memoria de pasaxes instrumentais, fomentará o estudo individual que reverterá no grupo e incentivará unha actitude de disciplina dificilmente abordable en actividades individuais.

## Obxectivos xerais das ensinanzas profesionais de música

As ensinanzas profesionais de música teñen como obxectivo contribuír a desenvolver nos alumnos e alumnas as capacidades xerais e os valores cívicos propios do sistema educativo e, ademais, as capacidades seguintes:

- a) Habitarse a escoitar música e establecer un concepto estético que lles permita fundamentar e desenvolver os propios criterios interpretativos.
- b) Desenvolver a sensibilidade artística e o criterio estético como fonte de formación e enriquecemento persoal.
- c) Analizar e valorar a calidade da música.
- d) Coñecer os valores da música e optar polos aspectos emanados dela que sexan máis idóneos para o desenvolvemento persoal.
- e) Participar en actividades de animación musical e cultural que permitan vivir a experiencia de transmitir o goce da música.
- f) Coñecer e empregar con precisión o vocabulario específico relativo aos conceptos científicos da música.
- g) Coñecer e valorar o patrimonio musical como parte integrante do patrimonio histórico e cultural, con especial atención ao patrimonio musical galego.
- h) Desenvolver hábitos de esforzo e responsabilidade no estudo, de iniciativa persoal e interese polo traballo ben feito.
- i) Valorar o traballo persoal con espírito crítico aceptando as críticas e o erro como parte do proceso de aprendizaxe.
- j) Comprender e utilizar as tecnoloxías da información e a comunicación ao servizo da música.

## Obxectivos específicos das ensinanzas profesionais de música

Os obxectivos específicos dos ensinos profesionais de música deberán contribuír a que os alumnos e as alumnas adquiran as capacidades seguintes:

- a) Demostrar seguridade e capacidade crítica no dominio dos contidos e obxectivos expostos nas materias que compón o currículo da especialidade elixida.
- b) Coñecer os elementos básicos, as características, as funcións e as transformacións das linguaxes musicais nos distintos contextos históricos.
- c) Utilizar o «oído interno» como base da afinación, da audición harmónica e da interpretación musical.
- d) Formar unha imaxe axustada das posibilidades e características musicais de cada un, tanto a nivel individual como en relación co grupo, coa disposición necesaria para saber integrarse como un membro máis do mesmo ou para actuar como responsable do conxunto.
- e) Compartir vivencias musicais de grupo na aula e fóra dela que permitan enriquecer a relación afectiva coa música a través do canto e de participación instrumental en grupo.
- f) Valorar o control do corpo e da mente para utilizar con seguridade a técnica e poder concentrarse na audición e interpretación.

- g) Interrelacionar e aplicar os coñecementos adquiridos en todas as materias que compón o currículo, nas vivencias e nas experiencias propias para acadar unha interpretación artística de calidade.
- h) Coñecer e aplicar as técnicas do instrumento ou da voz de acordo coas esixencias das obras.
- i) Adquirir e demostrar os reflexos necesarios para resolver eventualidades que xurdan na interpretación.
- j) Utilizar a improvisación e a transposición como elementos inherentes á creatividade musical.
- k) Interpretar individualmente ou dentro da agrupación correspondente, obras escritas en todas as linguaxes musicais afondando no coñecemento dos diferentes estilos, épocas, así como nos recursos interpretativos de cada un deles.
- l) Actuar en público con autocontrol, dominio da memoria e da capacidade comunicativa.

## **ESPECIALIDADES DE ACORDEÓN, CLARINETE, FRAUTA TRAVESA, GUITARRA, PERCUSIÓN, SAXOFÓN, TROMPETA, VIOLÍN, VIOLONCELLO. 1º E 2º GRAO PROFESIONAL.**

### **Obxectivos**

As ensinanzas de conxunto dos estudos profesionais de música terán como obxectivos contribuír a desenvolver no alumnado as capacidades seguintes:

- a) Afondar no coñecemento dos estilos e dos recursos interpretativos de cada un deles.
- b) Dominar o propio instrumento de acordo coas esixencias de cada obra.
- c) Respetar as normas que exige toda actuación en grupo e valorar a interpretación en conxunto como un aspecto fundamental da formación musical.
- d) Aplicar a audición polifónica para escoitar simultaneamente as partes ao mesmo tempo que se executa a propia, demostrando sensibilidade auditiva necesaria para perfeccionar gradualmente a calidade sonora.
- e) Utilizar unha ampla e variada gama sonora, de xeito que o axuste do son se realice en función dos demais instrumentos do conxunto e das necesidades interpretativas da obra.
- f) Adquirir e aplicar progresivamente ferramentas e competencias para o desenvolvemento da memoria.
- g) Desenvolver a capacidade de lectura a primeira vista.
- h) Aplicar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para a improvisación co instrumento.
- i) Coñecer e realizar os xestos básicos que permitan a interpretación coordinada.
- j) Interpretar obras representativas do repertorio do conxunto instrumental de dificultade axeitada ao nivel.

### **Contidos**

- A unidade sonora: respiración, ataque, vibrato, afinación, articulación, ritmo, fraseo, etc.
- Agóxico e dinámico.
- Estudo e práctica dos xestos anacrúsicos para tocar sen dirección.
- Equilibrio sonoro e de planos.
- Control permanente da afinación.

- Desenvolvemento da igualdade de ataques.
- Análise e interpretación de obras do repertorio.
- Práctica de conxunto da agrupación correspondente.
- Traballo gradual do repertorio básico máis salientable da agrupación correspondente.
- Valoración do sistema como marco da interpretación.
- Audicións comparadas de interpretacións de conxuntos, para analizar de maneira crítica as características das versións.

### **Criterios de avaliación**

- 1) Interpretar obras do repertorio propio da agrupación correspondente. Con este criterio preténdese avaliar a capacidade de unificación de criterio interpretativo entre todos os compoñentes do grupo, e do equilibrio sonoro entre as partes.
- 2) Actuar como responsable do grupo, dirixindo a interpretación colectiva mentres realiza a súa propia parte, se procede. Mediante este criterio preténdese verificar se o alumnado ten un coñecemento global da partitura e sabe utilizar os xestos necesarios da concertación. Ademais, pódense valorar o seus criterios sobre unificación do son, timbre, vibrato, afinación, fraseo, etc.
- 3) Ler a primeira vista unha obra de pequena dificultade na agrupación que corresponda. Este criterio pretende comprobar a capacidade do alumnado para desenvolverse con autonomía na lectura dun texto, así como o seu grao de fluidez na lectura e comprensión da obra.
- 4) Estudar as obras correspondentes ao repertorio programado. Mediante este criterio preténdese avaliar o sentido da responsabilidade como membro dun grupo, a valoración que ten o seu papel dentro deste e o respecto pola interpretación musical.
- 5) Interpretar en público obras do repertorio para conxunto. Este criterio serve para comprobar a unificación do fraseo, a precisión rítmica, o equilibrio sonoro, a preparación de cambios dinámicos e de acentuación, así como a adecuación interpretativa ao carácter e ao estilo da música interpretada.

Nas primeiras sesións de clase poñeranse en marcha mecanismos de avaliación inicial para coñecer o punto de partida dos alumnos respecto dos contidos que se desenvolverán na materia. No que respecta á medida dos resultados na materia primarase a avaliación continua ou formativa fronte á avaliación sumativa. Ao final de cada período trimestral de docencia adxudicarase aos resultados de cada alumno unha cualificación cuantitativa nunha escala de entre 1 e 10. A cualificación do último trimestre corresponderase coa cualificación final que constará no expediente do alumno como nota xeral da materia.

Ao longo dos trimestres desenvolveranse diferentes actividades avaliáveis, entre as que constan exercicios nas diversas agrupacións instrumentais e audicións ou concertos.

Tendo en conta o perfil eminentemente práctico da materia e os reducidos ratios do noso centro para este nivel, os principais instrumentos de avaliación desenvolveranse a través da valoración das actividades de aula, tanto individual como en conxunto, e a partir das audicións acordadas cos alumnos.

A autoavaliación será un requisito imprescindible para cada alumno. O exercicio de analizar e valorar o grao de implicación, traballo, e resultados fomenta a acomodación de metas e estratexias de aprendizaxe así como a responsabilidade.

### **Criterios de cualificación**

- Terase en conta o grao de aprendizaxe e asimilación dos contidos, así como a capacidade para a súa posta en práctica nos exercicios da improvisación.

- Valorarase o nivel de destreza adquirido nas diferentes técnicas postas en práctica na aula relacionadas coa interpretación en conxunto.

Na cualificación poñerase en valor o interese e implicación demostrados polo alumno na materia.

A cualificación trimestral incluíra os apartados seguintes:

Traballo individual 25 %

Traballo en conxunto 25 %

Probas de aula 25 %

Audición 25 %

No caso de, por causa xustificada, non realizarse algún deles, eliminarase da ponderación, e serán considerados os aspectos seguintes, cuantificada a súa importancia relativa aproximada tal como se reflexa na seguinte táboa:

Cualificación Individual:

Actitude 33%

Interpretación 33%

Traballo fóra da aula 33%

### Mínimos esixibles

Para obter unha cualificación positiva en cada un dos cursosl o Departamento establece os seguintes requisitos mínimos:

- Completar o programa establecido para o curso académico polo docente.
- Interpretar con corrección as obras presentadas dende o punto de vista técnico.
- Interpretar con corrección as obras presentadas dende o punto de vista musical.

### Enfoque metodolóxico

O desenvolvemento da materia será eminentemente práctico, sobre as habilidades da interpretación en conxunto. Organizarase en aulas que, segundo o número de alumnos darán lugar a diversas formacións instrumentais. Cada curso os grupos poden variar en función dos alumnos matriculados en cada nivel. Ao longo do curso os alumnos poderán participar en formacións de diversa composición. O traballo de alumnos de cursos máis avanzados en conxunción cos dos primeiros cursos representa un recurso moi útil dende o punto de vista da aprendizaxe xa que serve de elemento motivados aos máis novos e para os máis avanzados representa poñer en valor as aprendizaxes adquiridas con anterioridade. De igual xeito representa un elemento de aprendizaxe vicario xa que se transmiten actitudes e contidos abstractos como a dicción, fraseo, interpretación, etc. e ten tamén influencia positiva na motivación e compromiso dos alumnos na materia.

A significatividade das aprendizaxes e o carácter construtivista marcarán as dinámicas de aula:

- Aprendizaxes útiles e que guíen a práctica da improvisación.
- O alumno debe construír a súa aprendizaxe.

Nesta liña os alumnos son o centro do proceso de ensino-aprendizaxe, mentres que o docente debe adoptar un perfil de guía e condutor.

Así mesmo a secuencialización e os recursos desenvolveranse de forma flexible e atendendo ás necesidades, peculiaridades e progresos dos alumnos, o cal afectará ao proceso de avaliación continua ou formativa.

O docente poderá formar parte do grupo, ben por ausencia dalgún membro ou por calquera outro motivo, coa finalidade de facilitar o traballo na aula así como a motivación e a progresión musical.

### **Recursos didácticos**

Os principais recursos para o desenvolvemento da materia son o interese dos alumnos, que deben acudir a clase cos seus instrumentos, a excepción dos alumnos da especialidade de piano que utilizarán os do centro.

As referencias bibliográficas da materia variarán en función dos diferentes composicións instrumentais e corresponderanse cos niveis cursados polos alumnos nas diferentes especialidades instrumentais.

### **Procedemento establecido para a recuperación da materia**

Aqueles alumnos que obteñan cualificación negativa nalgunha das obras programadas para cada trimestre ou nalgunha das avaliacións, poderán presentarse a unha proba onde terán que interpretar as obras pendentes. No caso de non obter unha cualificación positiva na dita proba, deberán recuperar a materia presentándose á proba extraordinaria de xuño.

Para a proba extraordinaria de xuño, o alumno acordará co docente o programa a presentar.

Aqueles alumnos que promocionen de curso coa materia de conxunto pendente, recuperarán a materia na clases do curso seguinte. Os alumnos poderán recuperar a materia pendente en calquera das avaliacións do seguinte curso, cando así o determine o profesor e o comuníque á Xunta de Avaliación.

### **Procedementos de acceso ao currículo**

Os alumnos que acceden a esta materia son alumnos que promocionan das ensinanzas elementais ou do curso inmediatamente anterior (primeiro para as especialidades de acordeón, clarinete, frauta travesa, guitarra, percusión, saxofón, trompeta, violín, violoncello; primeiro, segundo ou terceiro no caso das especialidades de acordeón e guitarra) do grao profesional ou ben os alumnos que superan a proba de acceso aos correspondentes niveis nos que se matricula o alumno e no que se sitúa a disciplina no currículo. Polo tanto ben no caso dos alumnos que acceden dende o ensino regrado, ben os alumnos que acceden a través da proba de acceso, demostraron haber adquirido os contidos, os coñecementos e as competencias propias de cada especialidade para este nivel.

Tal e como recolle o Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música, a adaptación das materias a alumnos con necesidades educativas especiais ou específicas non pode afectar aos compoñentes prescriptivos do currículo, polo que as medidas factibles que poderían poñerse en marcha para reforzar as aprendizaxes nestes casos serán medidas de reforzo e apoio educativo.

### **Actividades culturais e promoción das ensinanzas**

A materia está relacionada con gran parte das actividades culturais contidas na Programación Xeral Anual. As diferentes agrupacións instrumentais que se xeren na mesma son susceptibles de participar nas diferentes audicións e concertos que se celebran ao longo do curso con algunhas das obras musicais que se traballen: audicións de aula, concertos trimestrais de centro, concertos exprés, concertos didácticos, etc.

Ademais os alumnos deberán mostrar especial interese polos concertos desenvolvidos no centro ou fora (saídas) de agrupacións alleas ao centro que supoñan relación con algún dos contidos da materia.

## **ESPECIALIDADES DE ACORDEÓN E GUITARRA. 3º E 4º GRAO PROFESIONAL.**

### **Obxectivos**

As ensinanzas de conxunto dos estudos profesionais de música terán como obxectivos contribuír a desenvolver no alumnado as capacidades seguintes:

- a) Afondar no coñecemento dos estilos e dos recursos interpretativos de cada un deles.
- b) Dominar o propio instrumento de acordo coas exigencias de cada obra.
- c) Respectar as normas que exige toda actuación en grupo e valorar a interpretación en conxunto como un aspecto fundamental da formación musical.
- d) Aplicar a audición polifónica para escoitar simultaneamente as partes ao mesmo tempo que se executa a propia, demostrando sensibilidade auditiva necesaria para perfeccionar gradualmente a calidade sonora.
- e) Utilizar unha ampla e variada gama sonora, de xeito que o axuste do son se realice en función dos demais instrumentos do conxunto e das necesidades interpretativas da obra.
- f) Adquirir e aplicar progresivamente ferramentas e competencias para o desenvolvemento da memoria.
- g) Desenvolver a capacidade de lectura a primeira vista.
- h) Aplicar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para a improvisación co instrumento.
- i) Coñecer e realizar os xestos básicos que permitan a interpretación coordinada.
- j) Interpretar obras representativas do repertorio do conxunto instrumental de dificultade axeitada ao nivel.

### **Contidos**

- A unidade sonora: respiración, ataque, vibrato, afinación, articulación, ritmo, fraseo, etc.
- Agónico e dinámico.
- Estudo e práctica dos xestos anacrúsicos para tocar sen dirección.
- Equilibrio sonoro e de planos.
- Control permanente da afinación.
- Desenvolvemento da igualdade de ataques.
- Análise e interpretación de obras do repertorio.
- Práctica de conxunto da agrupación correspondente.
- Traballo gradual do repertorio básico máis salientable da agrupación correspondente.
- Valoración do sistema como marco da interpretación.
- Audicións comparadas de interpretacións de conxuntos, para analizar de maneira crítica as características das versións.

### **Criterios de avaliación**



- 1) Interpretar obras do repertorio propio da agrupación correspondente. Con este criterio preténdese avaliar a capacidade de unificación de criterio interpretativo entre todos os compoñentes do grupo, e do equilibrio sonoro entre as partes.
- 2) Actuar como responsable do grupo, dirixindo a interpretación colectiva mentres realiza a súa propia parte, se procede. Mediante este criterio preténdese verificar se o alumnado ten un coñecemento global da partitura e sabe utilizar os xestos necesarios da concertación. Ademais, pódense valorar o seus criterios sobre unificación do son, timbre, vibrato, afinación, fraseo, etc.
- 3) Ler a primeira vista unha obra de pequena dificultade na agrupación que corresponda. Este criterio pretende comprobar a capacidade do alumnado para desenvolverse con autonomía na lectura dun texto, así como o seu grao de fluidez na lectura e comprensión da obra.
- 4) Estudar as obras correspondentes ao repertorio programado. Mediante este criterio preténdese avaliar o sentido da responsabilidade como membro dun grupo, a valoración que ten o seu papel dentro deste e o respecto pola interpretación musical.
- 5) Interpretar en público obras do repertorio para conxunto. Este criterio serve para comprobar a unificación do fraseo, a precisión rítmica, o equilibrio sonoro, a preparación de cambios dinámicos e de acentuación, así como a adecuación interpretativa ao carácter e ao estilo da música interpretada.

### **Procedementos e instrumentos de avaliación**

Nas primeiras sesións de clase poñeranse en marcha mecanismos de avaliación inicial para coñecer o punto de partida dos alumnos respecto dos contidos que se desenvolverán na materia. No que respecta á medida dos resultados na materia primarase a avaliación continua ou formativa fronte á avaliación sumativa. Ao final de cada período trimestral de docencia adxudicarase aos resultados de cada alumno unha cualificación cuantitativa nunha escala de entre 1 e 10. A cualificación do último trimestre corresponderase coa cualificación final que constará no expediente do alumno como nota xeral da materia.

Ao longo dos trimestres desenvolveranse diferentes actividades avaliáveis, entre as que constan exercicios nas diversas agrupacións instrumentais e audicións ou concertos.

Tendo en conta o perfil eminentemente práctico da materia e os reducidos ratios do noso centro para este nivel, os principais instrumentos de avaliación desenvolveranse a través da valoración das actividades de aula, tanto individual como en conxunto, e a partir das audicións acordadas cos alumnos.

A autoavaliación será un requisito imprescindible para cada alumno. O exercicio de analizar e valorar o grao de implicación, traballo, e resultados fomenta a acomodación de metas e estratexias de aprendizaxe así como a responsabilidade.

### **Criterios de cualificación**

- Terase en conta o grao de aprendizaxe e asimilación dos contidos, así como a capacidade para a súa posta en práctica nos exercicios da improvisación.
- Valorarase o nivel de destreza adquirido nas diferentes técnicas postas en práctica na aula relacionadas coa interpretación en conxunto.

Na cualificación poñerase en valor o interese e implicación demostrados polo alumno na materia.

### **Enfoque metodolóxico**

O desenvolvemento da materia será eminentemente práctico, sobre as habilidades da interpretación en conxunto. Organizarase en aulas que, segundo o número de alumnos darán lugar a diversas formacións instrumentais. Cada curso os grupos poden variar en función dos alumnos matriculados en cada nivel. Ao longo do curso os alumnos poderán participar en formacións de diversa composición. O traballo de alumnos de cursos máis avanzados en conxunción cos dos primeiros cursos representa un recurso moi útil dende o punto de vista da aprendizaxe xa que serve de elemento motivados aos máis novos e para os máis avanzados representa poñer en valor as aprendizaxes adquiridas con anterioridade. De igual xeito representa un elemento de aprendizaxe vicario xa que se transmiten actitudes e contidos abstractos como a dicción, fraseo, interpretación, etc. e ten tamén influencia positiva na motivación e compromiso dos alumnos na materia.

A significatividade das aprendizaxes e o carácter construtivista marcarán as dinámicas de aula:

- Aprendizaxes útiles e que guíen a práctica da improvisación.
- O alumno debe construír a súa aprendizaxe.

Nesta liña os alumnos son o centro do proceso de ensino-aprendizaxe, mentres que o docente debe adoptar un perfil de guía e condutor.

Así mesmo a secuencialización e os recursos desenvolveranse de forma flexible e atendendo ás necesidades, peculiaridades e progresos dos alumnos, o cal afectará ao proceso de avaliación continua ou formativa.

O docente poderá formar parte do grupo, ben por ausencia dalgún membro ou por calquera outro motivo, coa finalidade de facilitar o traballo na aula así como a motivación e a progresión musical.

### **Recursos didácticos**

Os principais recursos para o desenvolvemento da materia son o interese dos alumnos, que deben acudir a clase cos seus instrumentos, a excepción dos alumnos da especialidade de piano que utilizarán os do centro.

As referencias bibliográficas da materia variarán en función dos diferentes composicións instrumentais e corresponderanse cos niveis cursados polos alumnos nas diferentes especialidades instrumentais.

### **Procedementos de acceso ao currículo**

Os alumnos que acceden a esta materia son alumnos que promocionan das ensinanzas elementais ou do curso inmediatamente anterior (primeiro para as especialidades de acordeón, clarinete, frauta travesa, guitarra, percusión, saxofón, trompeta, violín, violoncello; primeiro, segundo ou terceiro no caso das especialidades de acordeón e guitarra) do grao profesional ou ben os alumnos que superan a proba de acceso aos correspondentes niveis nos que se matricula o alumno e no que se sitúa a disciplina no currículo. Polo tanto ben no caso dos alumnos que acceden dende o ensino regrado, ben os alumnos que acceden a través da proba de acceso, demostraron haber adquirido os contidos, os coñecementos e as competencias propias de cada especialidade para este nivel.

Tal e como recolle o Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música, a adaptación das materias a alumnos con necesidades educativas especiais ou específicas non pode afectar aos compoñentes prescriptivos do currículo, polo que as medidas factibles que poderían poñerse en marcha para reforzar as aprendizaxes nestes casos serán medidas de reforzo e apoio educativo.

### **Actividades culturais e promoción das ensinanzas**

A materia está relacionada con gran parte das actividades culturais contidas na Programación Xeral Anual. As diferentes agrupacións instrumentais que se xeren na mesma son susceptibles de participar nas diferentes audicións e concertos que se celebran ao longo do curso con algunhas das obras musicais que se traballan: audicións de aula, concertos trimestrais de centro, concertos exprés, concertos didácticos, etc. Ademais os alumnos deberán mostrar especial interese polos concertos desenvolvidos no centro ou fora (saídas) de agrupacións alleas ao centro que supoñan relación con algún dos contidos da materia.

## **PROCEDEMENTOS PARA COORDINAR, VALORAR E REVISAR O DESENVOLVEMENTO E RESULTADOS DA PROGRAMACIÓN**

A programación coordinarase coas demais materias do nivel que cursa o alumno. A especialidade instrumental contribuirá a resolver dúbidas específicas sobre as esixencias instrumentais que se deban resolver dende a especialización. A coordinación coa aula de instrumento é fundamental para nivelar a dificultade da materia e as esixencias na mesma. As materias instrumentais como Coro, Música de Cámara ou Orquestra encontran como punto común o traballo en conxunto. A materia aportará a oportunidades para moitos alumnos de traballar en grupo por primeira vez e con iso novas formas de entender a interpretación e as esixencias musicais de coordinación e equilibrio.

O departamento ao que se adscribe a materia encargarase de avaliar os resultados ao final de cada período lectivo. Ao rematar cada trimestre debe valorarse os resultados adquiridos polos alumnos con respecto aos obxectivos establecidos inicialmente. Así mesmo, revisaranse os obxectivos e contidos programados para o trimestre seguinte. Ao final do curso farase un análise dos resultados xerais do curso académico, recollendo nunha breve memoria o número de aprobados e suspensos, as cualificacións por alumnos e a media da promoción, obxectivos e contidos desenvolvidos e a que nivel, así como calquera outra peculiaridade que sexa proposta polo docente ou solicitada polo xefe do departamento ou pola xefatura de estudos. Estes datos e o seu análise formarán parte da memoria anual do centro.

## **PROCEDEMENTO PARA A AVALIACIÓN INTERNA DO DEPARTAMENTO**

A avaliación interna do departamento está enmarcada dentro dos procedementos de avaliación do centro. Ao finalizar cada curso o departamento porá en marcha a elaboración da memoria anual na que deberán ter en conta os datos aportados por cada materia. En base aos datos obtidos analizaranse posibles procedementos de mellora cara ao curso seguinte de forma conxunta que serán propostos ante a xefatura de estudos.

## **PROBAS DE ACCESO A 2º3º4º5º E 6º DE GRAO PROFESIONAL ( AGÁS PIANO )**

En todas as especialidades as probas consistirá na interpretación, co instrumento da especialidade a que se opte, de **UNHA obra de libre elección**. Esta obra será escollida do repertorio de Conxunto do instrumento o que se opte, e deberá correr por conta do examinando o acompañamento necesario para a súa interpretación.

Nas Probas de Acceso de 2º a 4º G.P., nas probas Instrumentais, como mínimo, unha das obras que presenta, deberá ter unha formación, de a lo menos, dúas persoas e a súa duración será superior a 5 minutos.. (os/as aspirantes deberán consultar as programacións das probas de acceso das demais materias do curso ao que desexa realizar a proba)

Seguindo as instrucións da Orde do 28 de xullo de 2008, publicada no D.O.G. do 18 de agosto de 2008 no seu capítulo III, artigo no 9, a lei di: "(...) No caso de que a proba de acceso requira da participación dalgún tipo de acompañamento musical, ben sexa pianístico ou para música de cámara, este correrá a cargo do/da aspirante á praza (...)

As obras a presentar polo examinando deberán ser consultadas por este co/a profesor/a ou co departamento de Conxunto, para se axeitaren ao nivel real do curso; de non terse consultado, o/a profesor/a da materia valorará o nivel das obras presentadas polo examinando, que, no caso de que non seren acordes ao preceptivo nivel, será a causa principal da non superación do exercicio e, polo tanto, da materia. Os membros da/s formación/s de conxunto coa/s que o examinando presente á proba, serán competencia e responsabilidade exclusiva deste. Nin o/a alumno/a, nin o conservatorio teñen a obriga de proporcionar os medios humanos para o conxunto co que se realizará a devandita proba, tal como o indica a Lei. No caso particular da materia de canto, o alumnado de 3o e 4o de G. P. deberá interpretar un repertorio de canción francesa; por outra banda, o de 5o e 6o G. P. deberá presentar no seu programa de interpretación algunhas obras que inclúan, como mínimo, lied alemán e canción francesa.

1. A unidade sonora: respiración, ataque, vibrato, afinación, articulación, ritmo, fraseo, etc.
2. Agóxico e dinámico.
3. Posta en práctica dos xestos anacrúsicos para tocar sen dirección. 4. Equilibrio sonoro de planos.
5. Control permanente da afinación.
6. Desenvolvemento da igualdade de ataques.
7. Correcta interpretación de obras do repertorio.
8. Práctica de conxunto da agrupación correspondente.

### **Criterios de cualificación**

Criterios Técnicos (Técnica, traballo, hixiene postural...) 50 %  
 Criterios Estéticos (Interpretación, son, resultado musical...) 50%

### **Contidos.**

Interpretar obras do repertorio da agrupación correspondente. Con este criterio preténdese avaliar a capacidade de unificación do criterio interpretativo entre todos os compoñentes do grupo e do equilibrio sonoro entre as partes

- Actuar como responsable do grupo dirixindo a interpretación colectiva mentres realiza a súa propia parte, se procede. Mediante este criterio, preténdese verificar se o alumnado ten un coñecemento global da partitura e sabe utilizar os xestos necesarios da concertación. Ademais, pódense valorar os seus criterios sobre unificación do son, timbre, vibrato, afinación, fraseo, etc.
- Executar con correcta afinación, articulacións, fraseo, matices... as obras correspondentes ao repertorio programado. Mediante este criterio preténdese avaliar o sentido da responsabilidade como membro dun grupo, a valoración que ten o seu papel dentro deste e o respecto pola interpretación musical.
- Interpretar obra/s do repertorio para conxunto. Este criterio serve para comprobar a unificación do fraseo, a precisión rítmica, o equilibrio sonoro, a preparación de cambios dinámicos e de acentuación, así como a adecuación interpretativa ao carácter e ao estilo da música interpretada.

## **ESPECIALIDADE DE PIANO**

### **Obxectivos específicos das ensinanzas profesionais: Conxunto**

O ensino desta materia nas ensinanzas profesionais de música terá como obxectivo contribuir a desenvolver no alumno ou na alumna as seguintes capacidades:

1. Afondar no coñecemento dos diferentes estilos e dos recursos interpretativos de cada un deles.

2. Dominar o propio instrumento de acordo coas esixencias de cada obra.
3. Aplicar en todo momento a audición polifónica para escoitar simultaneamente as diferentes partes ao mesmo tempo que se executa a propia, demostrando a sensibilidade auditiva necesaria para perfeccionar gradualmente a calidade sonora.
4. Utilizar unha ampla e variada gama sonora de maneira que o axuste de son realícese en función dos demais instrumentos da agrupación e ás necesidades interpretativas da obra.
5. Interpretar obras representativas do repertorio do conxunto instrumental de dificultade axeitada ao nivel.
6. Desenvolver a memoria na interpretación das obras do repertorio de conxunto.
7. Coñecer e realizar os xestos básicos que permitan a interpretación coordinada sen Director.
8. Ler a primeira vista obras de conxunto dunha dificultade axeitada ao nivel.
9. Aplicar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para a improvisación co instrumento.
10. Consolidar hábitos correctos e eficaces de estudo que estimulen a concentración, o sentido da autocrítica e a disciplina de traballo.
11. Interpretar en público obras de diferentes estilos e épocas traballadas previamente no aula.
12. Respetar as normas que esixe toda actuación en grupo e valorar a interpretación en conxunto como un aspecto fundamental da formación musical e instrumental.

# 1º GP

## INDICE

**I.-CONTIDOS**

**II.-CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

**III.-PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN**

- A.-PROCEDIMIENTO ORDINARIO
- B.-AVALIACIÓN DE MAIO
- C.-AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA DE XUÑO

**IV.-PROCEDEMENTO ESTABLECIDO PARA A RECUPERACIÓN DO CURSO**

**V.-METODOLOXÍA**

**VI.-RECURSOS DIDÁCTICOS E REPERTORIO ORIENTATIVO**

## I.-CONTIDOS

### 1. Práctica instrumental en diferentes formacións de conxunto:

- Interpretación de pezas de piano a 4 mans.
- Eventualmente, interpretación de pezas a dúo con outro instrumento distinto ao piano.

### 2. Traballo gradual do repertorio básico máis significativo da agrupación correspondente:

- Práctica de pezas homofónicas: Melodía acompañada, situada esta no rexistro agudo.
- Práctica de pezas homofónicas: Melodía acompañada, situada esta no rexistro grave.
- Práctica de pezas homofónicas, con intercambio da melodía entre dous rexistros.

### 3. Análise dos elementos formais, estéticos, e estilísticos das obras do repertorio para traballar o fraseo musical e os recursos expresivos que permitan demostrar o grao de madurez interpretativa:

- Recoñecemento da estrutura xeral da obra.
- Recoñecemento da forma da obra para a adecuación do fraseo á mesma: Binaria, ABA.

### 4. Análise dos elementos melódicos, rítmicos e harmónicos como coñecemento do lugar e papel de cada un dos integrantes no grupo, para un equilibrio sonoro e de planos.

- Recoñecemento dos elementos melódicos máis significativos: Notas do acorde, notas de paso, floreos.
- Recoñecemento e diferenciación de melodía e acompañamento e distinto tratamento dinámico dos mesmos.
- Recoñecemento dos procesos cadenciais: Cadencia perfecta, cadencia plagal, semicadencia.
- Análise dos acordes básicos: I, IV, V.
- Recoñecemento dos apoios rítmicos dun deseño dado.

### 5. Estudo e práctica dos xestos anacrúsicos propios de cada instrumento, para a correcta reacción e comprensión ante os xestos do resto do grupo necesarios para tocar sen Director ou Directora.

- Desenvolvemento do hábito de mirar ao compañeiro para unificar o fraseo.
- Práctica da xestualidade axeitada para aprender a dar un sinal claro do comezo da obra e do tempo co que se vai a interpretar.
- Traballo dos xestos axeitados para comezos téticos e anacrúsicos.

### 6. Desenvolvemento da práctica en grupo en relación co papel de cada un dos membros e a súa responsabilidade.

- Desenvolvemento do hábito de levar o papel principal da agrupación.
- Desenvolvemento do hábito de levar o papel secundario.

### 7. Valoración do silencio como marco da interpretación.

- Silencio previo ao comezo dunha obra.

- Medida exacta dos silencios intercalados no transcurso da obra.

**8. Traballo en grupo dos aspectos básicos necesarios para alcanzar a unidade sonora: ataque, articulación, ritmo e fraseo ademais de respiración, afinación e vibrato naqueles instrumentos que polas súas características así o precisen**

- Coordinación da respiración para comezar a obra.

- Análise do texto musical para unificar ou diferenciar os ataques, como proceda en cada caso así como as articulacións e o fraseo.

**9. Práctica colectiva da agónica e a dinámica como elementos esenciais da interpretación musical**

- Traballo e unificación da agónica (ritardando, rubato, etc.) das distintas obras, tendo en conta as diferentes necesidades expresivas e de carácter.

- Traballo e unificación da dinámica das distintas obras, tendo en conta o estilo da obra e o equilibrio sonoro do conxunto.

**10. Interpretación de obras do repertorio de conxunto.**

- Execución de obras sinxelas do repertorio clásico (tanto orixinais, como adaptacións), a 4 mans.

- Execución de obras sinxelas contemporáneas (tanto orixinais, como adaptacións), a 4 mans.

**11. Audicións comparadas de diferentes interpretacións de conxunto, para analizar de xeito crítico, as características das diferentes versións:**

- Análise de audicións de obras a 4 mans, a 2 pianos ou outras agrupacións, con debate posterior e crítica construtiva.

- Análise comparativa de diferentes versións dunha mesma obra para 4 mans, establecendo diferenzas e similitudes nas distintas interpretacións.

**12. Realización de gravacións da práctica instrumental como medio de observación e análise.**

- Gravación e posterior crítica construtiva de audicións da propia interpretación de conxunto.

- Análise comparativo de diferentes versións dunha mesma obra para 4 mans, establecendo diferenzas e similitudes nas distintas interpretacións.

**13. Procura de información relacionada coas formacións de conxunto ao longo da historia da música.**

-Recopilación de datos acerca da orixe e evolución das agrupacións para teclado e da súa importación ao longo da historia no repertorio clásico.

**14. Adestramento da memoria de acordo ás necesidades do grupo e/ou a partitura como son a dificultade de pasaxes, os pases de folia e a interrelación musical entre os membros do grupo aplicando progresivamente ferramentas e competencias para o desenvolvemento da mesma.**

- Utilización da memoria para dar continuidade á pasaxe nos cambios de folia, escollendo para iso o momento axeitado e aproveitando os silencios.

- Memorización de cada entrada do piano, o inicio logo dun silencio ou as diferenzas ou bifurcacións que se establecen nun momento dado entre dous ou máis fragmentos iguais dunha obra (exposición-reexposición, a 2ª vez logo dunha barra de repetición, progresións...)

**15. Práctica habitual da lectura a primeira vista das obras en parte ou na súa totalidade.**

- Execución de obras de pouca dificultade que permitan unha interpretación musical sen interrupcións nin repeticións.

- Adquisición do hábito de integrarse con outros instrumentistas á vez que se realiza a lectura a primeira vista.

**16. Desenvolvemento de estratexias de estudo e aprendizaxe que permitan alcanzar un grao de autonomía cada vez maior.**

- Análise dos hábitos correctos e eficaces de estudo.

- Proposta de estratexias para alcanzar o maior rendemento posible do tempo empregado e adquirir autonomía artística tanto a nivel individual como de conxunto.

- Planificación diaria do estudo fixándose obxectivos realizables, anotando o progreso realizado ao finalizar a sesión e planificando a seguinte.

**17. Interpretación en público de obras de diferentes estilos e épocas traballadas previamente no aula.**



- Organización de sesións musicais con diferentes condicionantes, (entre compañeiros, familiares ou públicas) que permitan a adquisición do hábito do recital público.
- Análise do proceder e a experiencia no escenario: movementos relaxados, saúdos, anticipación mental do carácter da obra, coordinación cos outros instrumentistas...

## II.-CRITERIOS DE AVALIACIÓN

### 1. Participar con interese, talante crítico e espírito de superación.

Con este criterio valorarase en que medida o alumno ou a alumna:

- Coopera activamente co resto dos compoñentes do grupo.
- Responsabilízase do grupo cando desenvolve as funcións de Director ou Directora.
- Implícase na resolución conxunta de problemas.

### 2. Mostrar a capacidade de aprendizaxe progresiva a través da interpretación.

Con este criterio valorarase en que medida o alumno ou a alumna:

- Responsabilízase como membro do grupo estudando en casa as obras correspondentes ao repertorio programado e contribúe ao progreso da calidade interpretativa no traballo gradual de cada obra.
- Segue as instrucións do profesor ou da profesora.
- Localiza acertos e erros, que resolve coa axuda do profesor.
- Mostra unha actitude positiva e de perseveranza ante as dificultades da interpretación.

### 3. Interpretar obras do repertorio propio da agrupación correspondente de acordo coa análise formal, estético e estilístico realizado.

Con este criterio valorarase en que medida o alumno ou a alumna:

- Identifica os elementos melódicos máis significativos: notas do acorde, notas de paso e floreos.
- Identifica os elementos formais: forma binaria e A-B-A.
- Identifica os procesos cadenciais: cadencia perfecta, cadencia plagal e semicadencia
- Identifica os acordes básicos: I, IV e V.
- Identifica os elementos estéticos e estilísticos de cada obra.
- Alcanza a unificación do fraseo, articulación, a precisión rítmica e o equilibrio sonoro entre as partes, en función do estilo.
- Interpreta obras do repertorio de piano a 4 mans axeitándoas ao estilo.
- Ten coñecemento do lugar que ocupa no grupo e o papel que desempeña para unha mellor distribución en canto ao soporte rítmico, harmónico e sonoro.
- Responsabilízase como membro do grupo interpretando e dirixindo as obras traballadas no aula.

### 4. Actuar como responsable do grupo, dirixindo a interpretación colectiva mentres realiza a súa propia parte.

Mediante este criterio valorarase en que medida o alumno ou a alumna:

- Ten un coñecemento global da partitura e utiliza os xestos necesarios da concertación.
- Unifica o son: ataque, articulación, ritmo e fraseo ademais de respiración.

### 5. Aplicar constantemente a audición polifónica.

Mediante este criterio valorarase en que medida o alumno ou a alumna:

- Detecta o grao de diferenza en canto a dinámica, agóxica e fraseo.
- Axusta e corrixe o desequilibrio rítmico e sonoro que puidese producirse dentro do grupo, e en caso de erro sendo capaz de continuar a interpretación.

### 6. Interpretar de memoria parte do repertorio traballado de acordo ás necesidades do grupo.

Mediante este criterio valorarase en que medida o alumno ou a alumna:

- Aplica a memoria como recurso ante a dificultade dunha pasaxe.
- Recorre á memoria nos pases de folla da partitura.
- Interpreta de memoria determinados pasaxes que esixen a atención cara a outros compoñentes do grupo.

### 7. Ler a primeira vista obras do repertorio de Conxunto de pequena dificultade na agrupación que corresponda.

Mediante este criterio preténdese constatar en que medida o alumno ou a alumna:

- Toca a primeira vista con fluidez e comprensión fragmentos musicais curtos de pezas a 4 mans, sen interrupción nin repeticións.
- Intégrase cos outros instrumentistas á vez que realiza a lectura a primeira vista.

### 8. Interpretar en público obras de diferentes estilos e épocas traballadas previamente na aula.

Con este criterio preténdese avaliar en que medida o alumno ou a alumna:

- Interpreta con rigor obras de conxunto de acordo coa estética das obras e as características da agrupación da que forme parte, con todas as posibilidades e recursos do instrumento.
- Mostra a súa capacidade de autocontrol, concentración, hábitos posturais e o seu grao de madurez interpretativa para non entorpecer a marcha do grupo.

## III.-PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN

### A.-PROCEDEMENTO ORDINARIO

1ª Avaliación	2ª Avaliación	Avaliación Final de Xuño
<b>Medios e Instrumentos</b>	<b>Rexistros</b>	<b>Criterios de Cualificación</b> A cualificación obterase segundo as seguintes porcentaxes
A.-Traballo diario no aula	Caderno de Clase	70%
A1 Traballo diario		60%
A2 Actitude		10%
B.-Exames (internos ou públicos)	Caderno de Clase, Gravación	15%
C.-Unha Audición didáctica	Caderno de Clase, Gravación	30% para alumnos que por causa xustificada non poidan participar na Audición 15%

A valoración das aprendizaxes dos alumnos farase tomando como referencia inmediata os criterios de avaliación establecidos na materia de conxunto. O seu nivel de cumprimento deberá ser medido en relación aos obxectivos educativos. O profesor obterá a información dos alumnos por medio de dúas formas de avaliación:

a. - **Avaliación continua e integradora:** O profesor valora de forma constante, mediante a observación directa das actividades realizadas durante as clases, o progreso do alumno ou alumna durante cada trimestre, así como a súa actitude na aula e cara á materia, e a súa asistencia, a partir das cales valorarase positivamente o interese, o rendemento e a implicación por parte do alumno ou alumna tanto no desenvolvemento das clases, como no traballo realizado na casa e nos ensaios cos seus compañeiros.

b. - **Avaliación puntual** en forma de exames trimestrais e audicións.

- Os Exames trimestrais consistirán:
  - Interpretación en forma de audición, na aula, das obras programadas en clase para cada trimestre.
  - Interpretación en público (asistirán os profesores da materia e os alumnos que a cursan). O profesor valorará o comportamento do alumno na audición e a calidade do traballo presentado desta forma.
- A Audición didáctica pública coa asistencia das familias dos alumnos e onde traballarán a posta en escena do recital.

Tendo en conta unha das características principais da materia de conxunto que é tocar en grupo, valorarase o resultado musical da formación a hora da avaliación. Polo que a cualificación será a mesma para todos os integrantes do grupo, podendo diferenciarse en casos moi senalables.

A 1ª e 2ª Avaliación terán unicamente un valor informativo sobre o desenvolvemento da aprendizaxe e as actividades realizadas polo alumno ou alumna. A 3ª Avaliación terá carácter de sesión de Avaliación Final.

Os resultados da avaliación expresaranse a través de cualificacións numéricas utilizando a escala de 1 a 10 sen decimais, considerándose positiva a cualificación igual ou superior a 5 e negativo a inferior a 5.

**Mínimos esixibles para a obtención dunha avaliación positiva**

- **Interpretar** as obras programadas para o trimestre con corrección técnica e musical.

**B.-AVALIACIÓN DE MAIO (Art. 99 N.O.F.)**

Os alumnos que superen o número de faltas de asistencia establecido no artigo 99 das Normas de Organización e Funcionamento e perdan o dereito a avaliación continua realizarán una proba específica en maio.

Medios e instrumentos	Rexistros	Criterios de Cualificación A cualificación obtérase segundo as seguintes porcentaxes	
Proba	<ul style="list-style-type: none"> <li>· Acta de Cualificación</li> <li>· Acta de Avaliación Final</li> </ul>	Interpretación das obras	100%

**Contido da proba**

- Interpretación de 3 obras para piano a 4 mans ou outras agrupacións, a elección do alumno de entre as programadas para o curso.

O tribunal valorará a dificultade interpretativa do repertorio presentado. O alumno deberá achegar o seu acompañante.

**Criterios de cualificación.** Valorarase:

- A interpretación das obras, tanto técnica (igualdade de dedos, limpeza de execución, velocidade, uso do pedal) como musicalmente, adaptándose ao resto dos compoñentes do grupo e en función do estilo da obra.

Os resultados da avaliación expresaranse a través de cualificacións numéricas utilizando a escala de 1 a 10 sen decimais, considerándose positiva a cualificación igual ou superior a 5 e negativo a inferior a 5.

**C.- AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA DE XUÑO**

Os alumnos que non acaden una cualificación positiva na materia en maio, deberán presentarse a unha proba específica, na data que o centro publicará no taboleiro, unha vez realizada a Avaliación Final de maio.

Medios e instrumentos	Rexistros	Criterios de Cualificación A cualificación obtérase segundo as seguintes porcentaxes	
Proba	<ul style="list-style-type: none"> <li>· Acta de Cualificación</li> <li>· Acta de Evaluación Final</li> </ul>	Interpretación das obras	100%

**Contido de proba**

- Interpretación de 3 obras para piano a 4 mans ou outras agrupacións, a elección do alumno de entre as programadas para o curso.

O tribunal valorará a dificultade interpretativa do repertorio presentado. O alumno deberá achegar o seu acompañante.

**Criterios de cualificación** .Valorarase:

- A interpretación das obras, tanto técnica (igualdade de dedos, limpeza de execución, velocidade, uso do pedal) como musicalmente, adaptándose ao resto dos compoñentes do grupo e en función do estilo da obra.

Os resultados da avaliación expresaranse a través de cualificacións numéricas utilizando a escala de 1 a 10 sen decimais, considerándose positiva a cualificación igual ou superior a 5 e negativo a inferior a 5.

## IV.-PROCEDIMIENTO ESTABLECIDO PARA A RECUPERACIÓN DA MATERIA

- Aqueles alumnos que obteñan cualificación negativa nalgunha das obras programadas para cada trimestre ou nalgunha das avaliacións, poderán presentarse a unha proba onde terán que interpretar as obras pendentes. No caso de non obter unha cualificación positiva na dita proba, deberán recuperar a materia presentándose a proba extraordinaria de xuño.
- Do programa establecido polo profesor ao longo do curso, o alumno escollerá 3 obras que deberá presentar á proba de xuño. O alumno deberá achegar o seu acompañante.
- Aqueles alumnos que promocionen de curso coa materia de conxunto pendente, recuperarán a materia na clases do curso seguinte. Os alumnos poderán recuperar a materia pendente en calquera das avaliacións do seguinte curso, cando así o determine o profesor e o comuníque á Xunta de Avaliación.

## V.-METODOLOXÍA

**Interpretación de obras:** O alumno traballaría a obra en casa, sendo previamente asesorado polo profesor, quen dará as pautas de dixitación e todas aquelas que o alumno necesite previas ao estudo da obra. Na aula antes da interpretación, farase unha análise, en conxunto, de todos os elementos relevantes para unha correcta interpretación.

**Proceso de corrección:** Estará a cargo dos intérpretes, do profesor e do resto dos alumnos da clase. Faise unha posta en común dos acertos e as posibles melloras: Velocidade constante, corrección de notas, equilibrio sonoro, adecuación ao estilo, expresividade. Este proceso dura varias sesións, en función da dificultade da obra e da preparación do alumno. A meta final é unha audición pública, a cal preparárase tamén na clase.

Debemos fomentar a implicación absoluta dos alumnos na organización e participación nas distintas audicións públicas. Isto desenvolverá neles a súa capacidade de concentración, estudar cunha meta ou data límite, programada con antelación, hábitos de posta en escena, e outra serie de capacidades que lles permitirán ir, aos poucos, afacéndose a gozar coa interpretación musical.

O docente poderá formar parte do grupo, ben por ausencia dalgún membro ou por calquera outro motivo, coa finalidade de facilitar o traballo na aula así como a motivación e a progresión musical.

## VI.- RECURSOS DIDÁCTICOS E REPERTORIO ORIENTATIVO

### Recursos didácticos

- Ordenador
- Cámara de vídeo e gravadora
- Biblioteca: partituras e libros
- Fonoteca: DVDs, Cds

### Repertorio orientativo

L.V. BEETHOVEN	3 Danzas alemás
J. BRAHMS	Valses para 4 mans Op. 39
M. CAMP	Basic Jazz. Piano a catro mans. Vol. 1
A. DIABELLI	Pezas melódicas para piano a 4 mans
A. DIABELLI	Scherzo
F. EMONTS	Método Europeo de piano (Pezas a 4 mans)
F. EMONTS	Around the world with 4 hands
E. MOLINA	Improvisación e acompañamento
U. MOLSEN	Pezas para piano a 4 mans
A. SÁNCHEZ PENA	Piano Práctico. 1ªA e B
F. SIERRA	Pezas para piano a 4 mans
I. STRAVINSKY	3 Pezas fáciles

P. TCHAIKOVSKY  
TCHOKOV-GEMIU  
J. B. VANHAL

50 Russian Folksongs  
O piano. Música para dúo  
24 pequenos duettos

Esta listaxe ten carácter orientativo, quedando a xuízo do profesor a elección doutras obras de características similares ou a utilización destas en cursos distintos a aquel en que aparecen apuntadas, se o estima o máis convinte para o alumno.

# 2º GP

## INDICE

### I.-CONTIDOS

### II.-CRITERIOS DE AVALIACIÓN

### III.-PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

- A.-PROCEDEMENTO ORDINARIO.
- B.-AVALIACIÓN MAIO
- C.-AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA DE XUÑO

### IV.-PROCEDEMENTO ESTABLECIDO PARA A RECUPERACIÓN DO CURSO

### V.-METODOLOXÍA

### VI.-RECURSOS DIDÁCTICOS E REPERTORIO ORIENTATIVO

## I.-CONTIDOS

### 1. Práctica instrumental en diferentes formacións de conxunto:

- Interpretación de pezas de piano a 4 mans.
- Eventualmente, interpretación de pezas a dúo con outro instrumento distinto ao piano.

### 2. Traballo gradual do repertorio básico máis significativo da agrupación correspondente:

- Práctica de pezas homofónicas: Melodía acompañada, situada esta en o rexistro agudo.
- Práctica de pezas homofónicas: Melodía acompañada, situada esta en o rexistro grave.
- Práctica de pezas homofónicas, con intercambio da melodía entre dous rexistros.

### 3. Análise dos elementos formais, estéticos, e estilísticos das obras do repertorio para traballar o fraseo musical e os recursos expresivos que permitan demostrar o grao de madurez interpretativa:

- Recoñecemento da estrutura xeral da obra.
- Recoñecemento da forma da obra para a adecuación do fraseo á mesma: Binaria, ABA.

### 4. Análise dos elementos melódicos, rítmicos e harmónicos como coñecemento do lugar e papel de cada un dos integrantes no grupo, para un equilibrio sonoro e de planos.

- Recoñecemento dos elementos melódicos máis significativos: Notas do acorde, notas de paso, floreos.
- Recoñecemento e diferenciación de melodía e acompañamento e distinto tratamento dinámico dos mesmos.
- Recoñecemento dos procesos cadenciais: Cadencia perfecta, cadencia plagal, semicadencia.
- Análise dos acordes básicos: I, IV, V.
- Recoñecemento dos apoios rítmicos dun deseño dado.

### 5. Estudo e práctica dos xestos anacrúsicos propios de cada instrumento, para a correcta reacción e comprensión ante os xestos do resto do grupo necesarios para tocar sen Director ou Directora.

- Desenvolvemento do hábito de mirar ao compañeiro para unificar o fraseo.
- Práctica da xestualidade axeitada para aprender a dar un sinal claro do comezo da obra e do tempo co que se vai a interpretar.
- Traballo dos xestos axeitados para comezos téticos e anacrúsicos.

### 6. Desenvolvemento da práctica en grupo en relación co papel de cada un dos membros e a súa responsabilidade.

- Desenvolvemento do hábito de levar o papel principal da agrupación.
- Desenvolvemento do hábito de levar o papel secundario.

### 7. Valoración do silencio como marco da interpretación.

- Silencio previo ao comezo dunha obra.

- Medida exacta dos silencios intercalados entre a obra.

**8. Traballo en grupo dos aspectos básicos necesarios para alcanzar a unidade sonora: ataque, articulación, ritmo e fraseo ademais de respiración, afinación e vibrato naqueles instrumentos que polas súas características así o precisen**

- Coordinación da respiración para comezar a obra.

- Análise do texto musical para unificar ou diferenciar os ataques, como proceda en cada caso así como as articulacións e o fraseo.

**9. Práctica colectiva da agónica e a dinámica como elementos esenciais da interpretación musical.**

- Traballo e unificación da agónica (ritardando, rubato, etc.) das distintas obras, tendo en conta as diferentes necesidades expresivas e de carácter.

- Traballo e unificación da dinámica das distintas obras, tendo en conta o estilo da obra e o equilibrio sonoro do conxunto.

**10. Interpretación de obras do repertorio de conxunto.**

- Execución de obras sinxelas do repertorio clásico (tanto orixinais, como adaptacións), a 4 mans.

- Execución de obras sinxelas contemporáneas (tanto orixinais, como adaptacións), a 4 mans.

**11. Audicións comparadas de diferentes interpretacións de conxunto, para analizar de xeito crítico, as características das diferentes versións:**

- Análise de audicións de obras a 4 mans, a 2 pianos ou outras agrupacións, con debate posterior e crítica construtiva.

- Análise comparativa de diferentes versións dunha mesma obra para 4 mans, establecendo diferenzas e similitudes nas distintas interpretacións.

**12. Realización de gravacións da práctica instrumental como medio de observación e análise.**

-Gravación e posterior crítica construtiva de audicións da propia interpretación de conxunto.

-Análise, tras a observación, do resultado sonoro do conxunto (sincronía rítmica, de fraseos, equilibrio sonoro...)

**13. Procura de información relacionada coas formacións de conxunto ao longo da historia da música.**

-Recopilación de datos acerca da orixe e evolución das agrupacións para teclado e da súa importación ao longo da historia no repertorio clásico.

**14. Adestramento da memoria de acordo ás necesidades do grupo e/ou a partitura como son a dificultade de pasaxes, os pases de folia e a interrelación musical entre os membros do grupo aplicando progresivamente ferramentas e competencias para o desenvolvemento da mesma.**

- Utilización da memoria para dar continuidade á pasaxe nos cambios de folia, escollendo para iso o momento axeitado e aproveitando os silencios.

- Memorización de cada entrada do piano, o inicio logo dun silencio ou as diferenzas ou bifurcacións que se establecen nun momento dado entre dous ou máis fragmentos iguais dunha obra (exposición-reexposición, a 2ª vez logo dunha barra de repetición, progresións...)

**15. Práctica habitual da lectura a primeira vista das obras en parte ou na súa totalidade.**

- Execución de obras de pouca dificultade que permitan unha interpretación musical sen interrupcións nin repeticións.

- Adquisición do hábito de integrarse con outros instrumentistas á vez que se realiza a lectura a primeira vista.

**16. Desenvolvemento de estratexias de estudo e aprendizaxe que permitan alcanzar un grao de autonomía cada vez maior.**

- Análise dos hábitos correctos e eficaces de estudo.

- Proposta de estratexias para alcanzar o maior rendemento posible do tempo empregado e adquirir autonomía artística tanto a nivel individual como de conxunto.

- Planificación diaria do estudo fixándose obxectivos realizables, anotando o progreso realizado ao finalizar a sesión e planificando a seguinte.

**17. Interpretación en público de obras de diferentes estilos e épocas traballadas previamente no aula.**

- Organización de sesións musicais con diferentes condicionantes, (entre compañeiros, familiares ou públicas) que permitan a adquisición do hábito do recital público.
- Análise do proceder e a experiencia no escenario: movementos relaxados, saúdos, anticipación mental do carácter da obra, coordinación cos outros instrumentistas...

## II.-CRITERIOS DE AVALIACIÓN

### 1. Participar con interese, talante crítico e espírito de superación.

Con este criterio valorarase en que medida o alumno ou a alumna:

- Coopera activamente co resto dos compoñentes do grupo.
- Responsabilízase do grupo cando desenvolve as funcións de Director ou Directora.
- Implícase na resolución conxunta de problemas.

### 2. Mostrar a capacidade de aprendizaxe progresiva a través da interpretación.

Con este criterio valorarase en que medida o alumno ou a alumna:

- Responsabilízase como membro do grupo estudando en casa as obras correspondentes ao repertorio programado e contribúe ao progreso da calidade interpretativa no traballo gradual de cada obra.
- Segue as instrucións do profesor ou da profesora.
- Localiza acertos e erros, que resolve coa axuda do profesor.
- Mostra unha actitude positiva e de perseveranza ante as dificultades da interpretación.

### 3. Interpretar obras do repertorio propio da agrupación correspondente de acordo coa análise formal, estético e estilístico realizado.

Con este criterio valorarase en que medida o alumno ou a alumna:

- Identifica os elementos melódicos máis significativos: notas do acorde, notas de paso e floreos.
- Identifica os elementos formais: forma binaria e A-B-A.
- Identifica os procesos cadenciais: cadencia perfecta, cadencia plagal e semicadencia
- Identifica os acordes básicos: I, IV e V.
- Identifica os elementos estéticos e estilísticos de cada obra.
- Alcanza a unificación do fraseo, articulación, a precisión rítmica e o equilibrio sonoro entre as partes, en función do estilo.
- Interpreta obras do repertorio de piano a 4 mans axeitándoas ao estilo.
- Ten coñecemento do lugar que ocupa no grupo e o papel que desempeña para unha mellor distribución en canto ao soporte rítmico, harmónico e sonoro.
- Responsabilízase como membro do grupo interpretando e dirixindo as obras traballadas no aula.

### 4. Actuar como responsable do grupo, dirixindo a interpretación colectiva mentres realiza a súa propia parte.

Mediante este criterio valorarase en que medida o alumno ou a alumna:

- Ten un coñecemento global da partitura e utiliza os xestos necesarios da concertación.
- Unifica o son: ataque, articulación, ritmo e fraseo ademais de respiración.

### 5. Aplicar constantemente a audición polifónica.

Mediante este criterio valorarase en que medida o alumno ou a alumna:

- Detecta o grao de diferenza en canto a dinámica, agónica e fraseo.
- Axusta e corrixe o desequilibrio rítmico e sonoro que puidese producirse dentro do grupo, e en caso de erro sendo capaz de continuar a interpretación.

### 6. Interpretar de memoria parte do repertorio traballado de acordo ás necesidades do grupo.

Mediante este criterio valorarase en que medida o alumno ou a alumna:

- Aplica a memoria como recurso ante a dificultade dunha pasaxe.
- Recorre á memoria nos pases de folia da partitura.
- Interpreta de memoria determinados pasaxes que esixen a atención cara a outros compoñentes do grupo.

### 7. Ler a primeira vista obras do repertorio de Conxunto de pequena dificultade na agrupación que corresponda.

Mediante este criterio preténdese constatar en que medida o alumno ou a alumna:



- Toca a primeira vista con fluidez e comprensión fragmentos musicais curtos de pezas a 4 mans, sen interrupción nin repeticións.
- Intégrase cos outros instrumentistas á vez que realiza a lectura a primeira vista.

### 8. Interpretar en público obras de diferentes estilos e épocas traballadas previamente na aula.

Con este criterio preténdese avaliar en que medida o alumno ou a alumna:

- Interpreta con rigor obras de conxunto de acordo coa estética das obras e as características da agrupación da que forme parte, con todas as posibilidades e recursos do instrumento.
- Mostra a súa capacidade de autocontrol, concentración, hábitos posturais e o seu grao de madurez interpretativa para non entorpecer a marcha do grupo.

## III.-PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN

### A.-PROCEDEMENTO ORDINARIO

1ª Avaliación	2ª Avaliación	Avaliación Final de Xuño
<b>Medios e Instrumentos</b>	<b>Rexistros</b>	<b>Criterios de Cualificación</b> A cualificación obterase segundo as seguintes porcentaxes
A.-Traballo diario no aula	Caderno de Clase	70%
A1 Traballo diario		60%
A2 Actitude		10%
B.-Exames (internos ou públicos)	Caderno de Clase, Gravación	15% 30% para alumnos que por causa xustificada non poidan participar na Audición
C.-Unha Audición didáctica	Caderno de Clase, Gravación	15%

A valoración das aprendizaxes dos alumnos farase tomando como referencia inmediata os criterios de avaliación establecidos na materia de conxunto. O seu nivel de cumprimento deberá ser medido en relación aos obxectivos educativos. O profesor obterá a información dos alumnos por medio de dúas formas de avaliación:

a. - **Avaliación continua e integradora:** O profesor valora de forma constante, mediante a observación directa das actividades realizadas durante as clases, o progreso do alumno ou alumna durante cada trimestre, así como a súa actitude na aula e cara á materia, e a súa asistencia, a partir das cales valorarase positivamente o interese, o rendemento e a implicación por parte do alumno ou alumna tanto no desenvolvemento das clases, como no traballo realizado na casa e nos ensaios cos seus compañeiros.

b. - **Avaliación puntual** en forma de exames trimestrais e audicións.

- Os Exames trimestrais consistirán:
  - Interpretación en forma de audición, na aula, das obras programadas en clase para cada trimestre.
  - Interpretación en público (asistirán os profesores da materia e os alumnos que a cursan). O profesor valorará o comportamento do alumno na audición e a calidade do traballo presentado desta forma.
- A Audición didáctica pública coa asistencia das familias dos alumnos e onde traballarán a posta en escena do recital.

Tendo en conta unha das características principais da materia de conxunto que é tocar en grupo, valorarase o resultado musical da formación a hora da avaliación. Polo que a cualificación será a mesma para todos os integrantes do grupo, podendo diferenciarse en casos moi sinalables.

A 1ª e 2ª Avaliación terán unicamente un valor informativo sobre o desenvolvemento da aprendizaxe e as actividades realizadas polo alumno ou alumna. A 3ª Avaliación terá carácter de sesión de Avaliación Final.

Os resultados da avaliación expresaranse a través de cualificacións numéricas utilizando a escala de 1 a 10 sen decimais, considerándose positiva a cualificación igual ou superior a 5 e negativo a inferior a 5.

#### Mínimos exigibles para a obtención dunha avaliación positiva

- Interpretar as obras programadas para cada trimestre con corrección técnica e musical.

**B.-AVALIACIÓN DE MAIO (Art. 99 N.O.F.)**

Os alumnos que superen o número de faltas de asistencia establecido no artigo 99 das Normas de Organización e Funcionamento e perdan o dereito a avaliación continua realizarán una proba específica en Xuño.

Medios e instrumentos	Rexistros	Criterios de Cualificación A cualificación obterase segundo as seguintes porcentaxes	
Proba	· Acta de Cualificación · Acta de Avaliación Final	Interpretación das obras	100%

**Contido da proba**

- Interpretación de 3 obras para piano a 4 mans, a elección do alumno de entre as programadas para o curso.

O tribunal valorará a dificultade interpretativa do repertorio presentado. O alumno deberá achegar o seu acompañante.

**Criterios de cualificación.** Valorarase:

- A interpretación das obras, tanto técnica (igualdade de dedos, limpeza de execución, velocidade, uso do pedal) como musicalmente, adaptándose ao resto dos compoñentes do grupo e en función do estilo da obra.

Os resultados da avaliación expresaranse a través de cualificacións numéricas utilizando a escala de 1 a 10 sen decimais, considerándose positiva a cualificación igual ou superior a 5 e negativo a inferior a 5.

**C.- AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA DE XUÑO**

Os alumnos que non acaden una cualificación positiva na materia en maio, deberán presentarse a unha proba específica, na data que o centro publicará no taboleiro, unha vez realizada a Avaliación Final.

Medios e instrumentos	Rexistros	Criterios de Cualificación A cualificación obterase segundo as seguintes porcentaxes	
Proba	· Acta de Cualificación · Acta de Avaliación Final	Interpretación das obras	100%

**Contido de proba**

- Interpretación de 3 obras para piano a 4 mans, a elección do alumno de entre as programadas para o curso.

O tribunal valorará a dificultade interpretativa do repertorio presentado. O alumno deberá achegar o seu acompañante.

**Criterios de cualificación** .Valorarase:

- A interpretación das obras, tanto técnica (igualdade de dedos, limpeza de execución, velocidade, uso do pedal) como musicalmente, adaptándose ao resto dos compoñentes do grupo e en función do estilo da obra.

Os resultados da avaliación expresaranse a través de cualificacións numéricas utilizando a escala de 1 a 10 sen decimais, considerándose positiva a cualificación igual ou superior a 5 e negativo a inferior a 5.

**IV.-PROCEDEMENTO ESTABLECIDO PARA A RECUPERACIÓN DA MATERIA**

- Aqueles alumnos que obteñan cualificación negativa nalgunha das obras programadas para cada trimestre ou nalgunha das avaliacións, poderán presentarse a unha proba onde terán que interpretar as obras pendentes. No caso de non obter unha cualificación positiva na dita proba, deberán recuperar a materia presentándose a proba extraordinaria de xuño.

- Do programa establecido polo profesor ao longo do curso, o alumno escollerá 3 obras que deberá presentar á proba de xuño. O tribunal valorará a dificultade interpretativa do repertorio presentado. O alumno deberá achegar o seu acompañante.
- Aqueles alumnos que promocionen de curso coa materia de conxunto pendente, recuperarán a materia na clases do curso seguinte. Os alumnos poderán recuperar a materia pendente en calquera das avaliacións do seguinte curso, cando así o determine o profesor e o comunique á Xunta de Avaliación.

### V.-METODOLOXÍA

**Interpretación de obras:** O alumno traballaría a obra en casa, sendo previamente asesorado polo profesor, quen dará as pautas de dixitación e todas aquelas que o alumno necesite previas ao estudo da obra. Na aula antes da interpretación, farase unha análise, en conxunto, de todos os elementos relevantes para unha correcta interpretación.

Proceso de corrección: Estará a cargo dos intérpretes, do profesor e do resto dos alumnos da clase. Faise unha posta en común dos acertos e as posibles melloras: Velocidade constante, corrección de notas, equilibrio sonoro, adecuación ao estilo, expresividade. Este proceso dura varias sesións, en función da dificultade da obra e da preparación do alumno. A meta final é unha audición pública, a cal preparárase tamén na clase.

Debemos fomentar a implicación absoluta dos alumnos na organización e participación nas distintas audicións públicas. Isto desenvolverá neles a súa capacidade de concentración, estudar cunha meta ou data límite, programada con antelación, hábitos de posta en escena, e outra serie de capacidades que lles permitirán ir, aos poucos, afacéndose a gozar coa interpretación musical.

O docente poderá formar parte do grupo, ben por ausencia dalgún membro ou por calquera outro motivo, coa finalidade de facilitar o traballo na aula así como a motivación e a progresión musical.

### VI.- RECURSOS DIDÁCTICOS E REPERTORIO ORIENTATIVO

#### Recursos didácticos

- Ordenador
- Cámara de vídeo e gravadora
- Biblioteca: partituras e libros
- Fonoteca: DVDs, Cds

#### Repertorio orientativo

L.V. BEETHOVEN	3 Danzas alemás
J. BRAHMS	Valses para 4 mans Op. 39
M. CAMP	Basic Jazz. Piano a catro mans. Vol. 1
A. DIABELLI	Pezas melódicas para piano a 4 mans
A. DIABELLI	Scherzo
F. EMONTS	Método Europeo de piano (Pezas a 4 mans)
F. EMONTS	Around the world with 4 hands
E. MOLINA	Improvisación e acompañamento
U. MOLSEN	Pezas para piano a 4 mans
A. SÁNCHEZ PENA	Piano Práctico. 1ªA e B
F. SIERRA	Pezas para piano a 4 mans
I. STRAVINSKY	3 Pezas fáciles
P. TCHAIKOVSKY	50 Russian Folksongs
TCHOKOV-GEMIU	O piano. Música para dúo
J. B. VANHAL	24 pequenos duettos

Esta listaxe ten carácter orientativo, quedando a xuízo do profesor a elección doutras obras de características similares ou a utilización destas en cursos distintos a aquel en que aparecen apuntadas, se o estima o máis convinte para o alumno.

# 3º GP

## INDICE

**I.-CONTIDOS**

**II.-CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

**III.-PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN**

A.-PROCEDEMENTO ORDINARIO.

B.-AVALIACIÓN DE MAIO

C.-AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA DE XUÑO

**IV.-PROCEDEMENTO ESTABLECIDO PARA A RECUPERACIÓN DO CURSO**

**V.-METODOLOXÍA**

**VI.- RECURSOS DIDÁCTICOS E REPERTORIO ORIENTATIVO**

## I.-CONTIDOS

### 1. Práctica instrumental en diferentes formacións de conxunto.

- Interpretación de pezas de piano a 4 e 6 mans.
- Interpretación de pezas de piano a dous pianos.
- Interpretación de pezas a dúo ou trío con outros instrumentos distintos ao piano.

### 2. Traballo gradual do repertorio básico máis significativo da agrupación correspondente.

- Práctica de pezas homofónicas: Melodía acompañada, situada esta no rexistro agudo ou no instrumentista da agrupación.
- Práctica de pezas homofónicas: Melodía acompañada, situada ésta no rexistro grave.
- Práctica de pezas homofónicas, con intercambio da melodía entre os dous rexistros ou instrumentistas.
- Práctica de pezas predominantemente homofónicas, con algún deseño imitativo.
- Práctica de pezas polifónicas, con deseños imitativos.

### 3. Análise dos elementos formais, estéticos, e estilísticos das obras do repertorio para traballar o fraseo musical e os recursos expresivos que permitan demostrar o grao de madurez interpretativa.

- Recoñecemento da época e do estilo da obra para adecuar os recursos interpretativos.
- Recoñecemento da forma da obra para planificar o fraseo e a estrutura dinámica: Binaria (AA', AB), Ternaria (ABA), Rondó (ABACA), Tema con variacións.

### 4. Análise dos elementos melódicos, rítmicos e harmónicos como coñecemento do lugar e papel de cada un dos integrantes no grupo, para un equilibrio sonoro e de planos.

- Recoñecemento dos elementos melódicos máis significativos para traballar a acentuación e as direccións das frases musicais: Notas do acorde e Notas de adorno
- Recoñecemento e diferenciación da melodía e do acompañamento, tendo en conta o distinto tratamento dinámico dos mesmos (planos sonoros).
- Recoñecemento dos procesos cadenciais: Semicadencia, Cadencia perfecta, Cadencia plagal, Cadencia rota.
- Análise dos acordes básicos: I, II, IV, V, V-V, VI \_\_\_\_\_
- Recoñecemento dos apoios rítmicos dun deseño dado, tendo especial coidado coa interpretación dos silencios.

### 5. Estudo e práctica dos xestos anacrúsicos propios de cada instrumento, para a correcta reacción e comprensión ante os xestos do resto do grupo necesarios para tocar sen Director.

- Desenvolvemento do hábito de mirar ao compañeiro para unificar o fraseo.
- Práctica da xestualidade axeitada para aprender a dar un sinal claro do comezo da obra e do tempo co que se vai a interpretar.
- Traballo dos xestos axeitados para comezos téticos e anacrúsicos, cambios agóxicos e finais simultáneos.

### 6. Desenvolvemento da práctica en grupo en relación co papel de cada un dos membros e a súa responsabilidade.

- Desenvolvemento do hábito de levar o papel principal tendo en conta a responsabilidade que conleva.
- Desenvolvemento do hábito de levar o papel secundario, axudando en todo momento o resultado sonoro.

### 7. Valoración do silencio como marco da interpretación.

- Interpretación do silencio antes e despois da interpretación da obra.
- Medida exacta dos silencios intercalados na obra.
- Análise do significado dos distintos silencios que aparecen ao longo da obra e a súa correcta interpretación.

### 8. Traballo en grupo dos aspectos básicos necesarios para alcanzar a unidade sonora: ataque, articulación, ritmo e fraseo ademais de respiración, afinación e vibrato naqueles instrumentos que polas súas características así o precisen.

- Coordinación da respiración para comezar a obra.
- Análise do texto musical para unificar ou diferenciar os ataques, como proceda en cada caso así como as articulacións e o fraseo.

### 9. Práctica colectiva da agóxica e a dinámica como elementos esenciais da interpretación musical.

- Traballo e unificación da agónica (ritardando, rubato, etc.) das distintas obras, tendo en conta as diferentes necesidades expresivas e de carácter.
- Traballo e unificación da dinámica das distintas obras, tendo en conta o estilo da obra e o equilibrio sonoro do conxunto.

#### **10. Interpretación de obras do repertorio de conxunto.**

- Execución de obras sinxelas do repertorio clásico e contemporáneo (tanto orixinais, como adaptacións), a 4 e 6 mans.
- Execución de obras sinxelas do repertorio clásico e contemporáneo (tanto orixinais como adaptacións) a 2 pianos.
- Execución de obras sinxelas do repertorio clásico e contemporáneo (tanto orixinais como adaptacións) a dúo ou trío con outros instrumentistas.

#### **11. Audicións comparadas de diferentes interpretacións de conxunto, para analizar de xeito crítico, as características das diferentes versións:**

- Análise de audicións de obras a 4 e a 6 mans, a 2 pianos e a dúo ou a trío con outros instrumentistas, con debate posterior e crítica construtiva.
- Análise comparativa de diferentes versións dunha mesma obra para 4 e a 6 mans, a 2 pianos e a dúo ou a trío con outros instrumentistas, establecendo diferenzas e similitudes nas distintas interpretacións.

#### **12. Realización de gravacións da práctica instrumental como medio de observación e análise.**

- Análise e crítica construtiva de audicións propias e alleas, interpretando música de conxunto.
- Debate e propostas de mellora na interpretación propia e allea.

#### **13. Procura de información relacionada coas formacións de conxunto ao longo da historia da música.**

- Recopilación de datos acerca da orixe e evolución das agrupacións para teclado e da maior ou menor importancia desta música ao longo da historia no repertorio clásico.
- Recopilación de información acerca das numerosas transcripcións para 4 mans de obras clásicas realizadas ao longo do Romanticismo como repertorio para o músico afeccionado.

#### **14. Adestramento da memoria de acordo ás necesidades do grupo e/ou a partitura como son a dificultade de pasaxes, os pases de folia e a interrelación musical entre os membros do grupo aplicando progresivamente ferramentas e competencias para o desenvolvemento da mesma.**

- Utilización da memoria para dar continuidade á pasaxe nos cambios de folia, escollendo para iso o momento axeitado e aproveitando os silencios.
- Memorización de cada entrada do piano, o inicio logo dun silencio ou as diferenzas ou bifurcacións que se establecen nun momento dado entre dous ou máis fragmentos iguais dunha obra (exposición-reexposición, a 2ª vez logo dunha barra de repetición, progresións...)

#### **15. Práctica habitual da lectura a primeira vista das obras en parte ou na súa totalidade.**

- Execución de obras de pouca dificultade que permitan unha interpretación musical sen interrupcións nin repeticións.
- Adquisición do hábito de integrarse con outros instrumentistas á vez que se realiza a lectura a primeira vista.
- Desenvolvemento da capacidade de sintetizar e simplificar a información, sen pararse nin volver cara atrás.

#### **16. Desenvolvemento de estratexias de estudo e aprendizaxe que permitan alcanzar un grao de autonomía cada vez maior.**

- Profundar na análise dos hábitos correctos e eficaces de estudo.
- Proposta de estratexias para alcanzar o maior rendemento posible do tempo empregado e adquirir autonomía artística tanto a nivel individual como de conxunto.
- Planificación diaria do estudo fixándose obxectivos realizables, anotando o progreso realizado ao finalizar a sesión e planificando a seguinte.

#### **17. Interpretación en público de obras de diferentes estilos e épocas traballadas previamente na aula.**

- Organización de sesións musicais con diferentes condicionantes, (entre compañeiros, familiares ou públicas) que permitan a adquisición do hábito do recital público.
- Análise do proceder e a experiencia no escenario: movementos relaxados, saúdos, anticipación mental do carácter da obra, coordinación cos outros instrumentistas...

## II.-CRITERIOS DE AVALIACIÓN

### 1. Participar con interese, talante crítico e espírito de superación.

Con este criterio valorarase en que medida o alumno ou a alumna:

- Coopera activamente co resto dos compoñentes do grupo.
- Responsabilízase do grupo cando desenvolve as funcións de Director ou Directora.
- Implicase na resolución conxunta de problemas e no desenvolvemento de estratexias para unha maior calidade interpretativa.

### 2. Mostrar a capacidade de aprendizaxe progresiva a través da interpretación.

Con este criterio valorarase en que medida o alumno ou a alumna:

- Responsabilízase como membro do grupo estudando en casa as obras correspondentes ao repertorio programado e contribúe ao progreso da calidade interpretativa no traballo gradual de cada obra.
- Segue as instrucións do profesor ou da profesora.
- Localiza acertos e erros, elabora plans para solucionarlos e os incorpora no estudo das obras.
- Mostra unha actitude positiva e de perseveranza ante as dificultades da interpretación.

### 3. Interpretar obras do repertorio propio da agrupación correspondente de acordo coa análise formal, estético e estilístico realizado.

Con este criterio valorarase en que medida o alumno ou a alumna:

- Identifica os elementos melódicos máis significativos: notas pertencentes aos acordes e estrañas á harmonía (notas de adorno).
- Identifica os elementos formais: forma binaria (AA', AB), ternaria (A-B-A), rondó (ABACA), Tema con variacións.
- Identifica os procesos cadenciais: cadencia perfecta, cadencia plagal e semicadencia
- Identifica os acordes básicos: I, II, IV, V, V-V, VI.
- Identifica os elementos estéticos e estilísticos de cada obra.
- Alcanza a unificación do fraseo, articulación, a precisión rítmica e o equilibrio sonoro entre as partes, en función do estilo.
- Interpreta obras do repertorio de piano a 4 ou a 6 mans, a 2 pianos ou en dúos ou tríos con outros instrumentistas, axeitándoas ao estilo.
- Ten coñecemento do lugar que ocupa no grupo e o papel que desempeña para unha mellor distribución en canto ao soporte rítmico, harmónico e sonoro.
- Responsabilízase como membro do grupo interpretando e dirixindo as obras traballadas no aula.

### 4. Actuar como responsable do grupo, dirixindo a interpretación colectiva mentres realiza a súa propia parte.

Mediante este criterio valorarase en que medida o alumno ou a alumna:

- Ten un coñecemento global da partitura e utiliza os xestos necesarios da concertación.
- Unifica o son: ataque, articulación, ritmo e fraseo ademais de respiración, propoñendo os seus propios criterios.

### 5. Aplicar constantemente a audición polifónica.

Mediante este criterio valorarase en que medida o alumno ou a alumna:

- Detecta o grao de diferenza en canto a dinámica, agóxica e fraseo.
- Axusta e corrixe o desequilibrio rítmico e sonoro que puidese producirse dentro do grupo, e en caso de erro sendo capaz de continuar a interpretación.

### 6. Interpretar de memoria parte do repertorio traballado de acordo ás necesidades do grupo.

Mediante este criterio valorarase en que medida o alumno ou a alumna:

- Aplica a memoria como recurso ante a dificultade dunha pasaxe.
- Recorre á memoria ou improvisa, nos pases de folia da partitura.
- Interpreta de memoria determinados pasaxes que esixen a atención cara a outros compoñentes do grupo.

### 7. Ler a primeira vista obras do repertorio de Conxunto de pequena dificultade na agrupación que corresponda.

Mediante este criterio preténdese constatar en que medida o alumno ou a alumna:

- Toca a primeira vista con fluidez e comprensión fragmentos musicais curtos de pezas a 4 ou 6 mans, a 2 pianos ou a dúo ou trío con outros instrumentistas, sen interrupción nin repeticións, priorizando a interpretación musical.



- Intégrase cos outros instrumentistas á vez que realiza a lectura a primeira vista.

### 8. Interpretar en público obras de diferentes estilos e épocas traballadas previamente na aula.

Con este criterio preténdese avaliar en que medida o alumno ou a alumna:

- Interpreta con rigor obras de conxunto de acordo coa estética das obras e as características da agrupación da que forme parte, con todas as posibilidades e recursos do instrumento.
- Mostra a súa capacidade de autocontrol, concentración, hábitos posturais e o seu grao de madurez interpretativa para non entorpecer a marcha do

## III.-PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN

### A.-PROCEDEMENTO ORDINARIO

1ª Avaliación	2ª Avaliación	Avaliación Final de Xuño
Medios e Instrumentos	Rexistros	Criterios de Cualificación A cualificación obtérase segundo as seguintes porcentaxes
A.-Traballo diario no aula	Caderno de Clase	70%
A1 Traballo diario		60%
A2 Actitude		10%
B.-Exames (internos ou públicos)	Caderno de Clase, Gravación	15%
		30% para alumnos que por causa xustificada non poidan participar na Audición
C.-Unha Audición didáctica	Caderno de Clase, Gravación	15%

A valoración das aprendizaxes dos alumnos farase tomando como referencia inmediata os criterios de avaliación establecidos na materia de conxunto. O seu nivel de cumprimento deberá ser medido en relación aos obxectivos educativos. O profesor obterá a información dos alumnos por medio de dúas formas de avaliación:

a. - **Avaliación continua e integradora:** O profesor valora de forma constante, mediante a observación directa das actividades realizadas durante as clases, o progreso do alumno ou alumna durante cada trimestre, así como a súa actitude na aula e cara á materia, e a súa asistencia, a partir das cales valorarase positivamente o interese, o rendemento e a implicación por parte do alumno ou alumna tanto no desenvolvemento das clases, como no traballo realizado na casa e nos ensaios cos seus compañeiros.

b. - **Avaliación puntual** en forma de exames trimestrais e audicións.

- Os Exames trimestrais consistirán:
  - Lectura a primeira vista dunha peza sinxela a 4 mans.
  - Interpretación en forma de audición, na aula, das obras programadas en clase para cada trimestre.
  - Interpretación en público (asistirán os profesores da materia e os alumnos que a cursan). O profesor valorará o comportamento do alumno na audición e a calidade do traballo presentado desta forma.
- A Audición didáctica pública coa asistencia das familias dos alumnos e onde traballarán a posta en escena do recital.

Tendo en conta unha das características principais da materia de conxunto que é tocar en grupo, valorarase o resultado musical da formación a hora da avaliación. Polo que a cualificación será a mesma para todos os integrantes do grupo, podendo diferenciarse en casos moi sinalables.

A 1ª e 2ª Avaliación terán unicamente un valor informativo sobre o desenvolvemento da aprendizaxe e as actividades realizadas polo alumno ou alumna. A 3ª Avaliación terá carácter de sesión de Avaliación Final.

Os resultados da avaliación expresaranse a través de cualificacións numéricas utilizando a escala de 1 a 10 sen decimais, considerándose positiva a cualificación igual ou superior a 5 e negativo a inferior a 5.

#### Mínimos exixibles para a obtención dunha avaliación positiva

- Lectura a primeira vista dunha peza sinxela a 4 mans.
- Interpretación das obras programadas para cada trimestre con corrección técnica e musical

### B.-AVALIACIÓN DE MAIO (Art. 99 N.O.F.)



Os alumnos que superen o número de faltas de asistencia establecido no artigo 99 das Normas de Organización e Funcionamento e perdan o dereito a avaliación continua realizarán una proba específica en maio.

Medios e instrumentos	Rexistros	Criterios de Cualificación A cualificación obterase segundo as seguintes porcentaxes	
Proba	· Acta de Cualificación · Acta de Avaliación Final	Lectura a primeira vista Interpretación das obras	10% 90%

#### Contido da proba

- Lectura a primeira vista dunha peza sinxela a 4 mans.
- Interpretación de 3 obras de cámara, a elección do alumno de entre as programadas para o curso.

O tribunal valorará a dificultade interpretativa do repertorio presentado. O alumno deberá achegar o seu acompañante.

#### Criterios de cualificación. Valorarase:

- A capacidade para ler a primeira vista sen interrupcións.
- A interpretación das obras, tanto técnica (igualdade de dedos, limpeza de execución, velocidade, uso do pedal) como musicalmente, adaptándose ao resto dos compoñentes do grupo e en función do estilo da obra.

Os resultados da avaliación expresaranse a través de cualificacións numéricas utilizando a escala de 1 a 10 sen decimais, considerándose positiva a cualificación igual ou superior a 5 e negativo a inferior a 5.

#### C.- AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA DE XUÑO

Os alumnos que non acaden una cualificación positiva na materia en maio, deberán presentarse a unha proba específica, na data que o centro publicará no taboleiro, unha vez realizada a Avaliación Final de maio.

Medios e instrumentos	Rexistros	Criterios de Cualificación A cualificación obterase segundo as seguintes porcentaxes	
Proba	· Acta de Cualificación · Acta de Avaliación Final	Lectura a primeira vista Interpretación das obras	10% 90%

#### Contido de proba

- Lectura a primeira vista dunha peza sinxela a 4 mans
- Interpretación de 3 obras de cámara, a elección do alumno de entre as programadas para o curso.

O tribunal valorará a dificultade interpretativa do repertorio presentado. O alumno deberá achegar o seu acompañante.

#### Criterios de cualificación .Valorarase:

- A capacidade para ler a primeira vista sen interrupcións.
- A interpretación das obras, tanto técnica (igualdade de dedos, limpeza de execución, velocidade, uso do pedal) como musicalmente, adaptándose ao resto dos compoñentes do grupo e en función do estilo da obra.

Os resultados da avaliación expresaranse a través de cualificacións numéricas utilizando a escala de 1 a 10 sen decimais, considerándose positiva a cualificación igual ou superior a 5 e negativo a inferior a 5.

#### IV.-PROCEDEMENTO ESTABLECIDO PARA A RECUPERACIÓN DA MATERIA

- Aqueles alumnos que obteñan cualificación negativa nas dúas primeiras avaliacións recuperarán a materia na avaliación seguinte.
- A recuperación da materia con cualificación negativa na Avaliación Final de maio, realizarase nas probas de xuño.
- O profesor establecerá o programa de estudos e obras que o alumno deberá presentar á proba. O programa incluírá estudos de diferentes características técnicas e das obras de distintas épocas e estilos incluídas na programación docente do curso.

- Aqueles alumnos que promocionen de curso coa materia de piano conxunto pendente, recuperarán a materia na clases do curso seguinte. Os alumnos poderán recuperar a materia pendente en calquera das avaliacións do seguinte curso, cando así o determine o profesor e comuníqueo á Xunta de Avaliación.

### V.-METODOLOXÍA

**Lectura a primeira vista:** Facilitada unha partitura sinxela, o alumno disporá duns minutos para observar o perfil melódico e a harmonía. A continuación observará as distintas entradas e o papel que lle corresponde. De seguido interpretarán a peza no instrumento, sendo prioritaria a continuidade do discurso musical e se fora posible a interpretación musical.

**Interpretación de obras:** O alumno traballaría a obra en casa, sendo previamente asesorado polo profesor, quen dará as pautas de dixitación e todas aquelas que o alumno necesite previas ao estudo da obra. Na aula antes da interpretación, farase unha análise, en conxunto, de todos os elementos relevantes para unha correcta interpretación.

Proceso de corrección: Estará a cargo dos intérpretes, do profesor e do resto dos alumnos da clase. Faise unha posta en común dos acertos e as posibles melloras: Velocidade constante, corrección de notas, equilibrio sonoro, adecuación ao estilo, expresividade. Este proceso dura varias sesións, en función da dificultade da obra e da preparación do alumno. A meta final é unha audición pública, a cal prepararase tamén na clase.

Debemos fomentar a implicación absoluta dos alumnos na organización e participación nas distintas audicións públicas. Isto desenvolverá neles a súa capacidade de concentración, estudar cunha meta ou data límite, programada con antelación, hábitos de posta en escena, e outra serie de capacidades que lles permitirán ir, aos poucos, afacéndose a gozar coa interpretación musical.

O docente poderá formar parte do grupo, ben por ausencia dalgún membro ou por calquera outro motivo, coa finalidade de facilitar o traballo na aula así como a motivación e a progresión musical.

### VI.-RECURSOS DIDÁCTICOS E REPERTORIO ORIENTATIVO

#### Recursos didácticos

- Ordenador
- Cámara de vídeo e gravadora
- Biblioteca: partituras e libros
- Fonoteca: DVDs, Cds e cintas de vídeo

#### Repertorio orientativo

B. BARTOK	Mikrokosmos (Pezas a 4 mans)
J. BRAHMS	16 Valses para 4 mans Op. 39
M. CAMP	Basic Jazz. Piano a catro mans. Vol. 1 e 2
M. CLEMENTI	Sonatinas para piano a 4 mans
C. DEBUSSY	Six Epigraphes Antiques
A. DIABELLI	Pezas melódicas para piano a 4 mans
F. EMONTS	Danzas festivas tradicionais
D. KABALEWSKY	12 Variacións fáciles para piano a 4 mans
G. LIGETI	5 Pezas para piano a 4 mans
U. MOLSEN	Pezas para piano a 4 mans
E. MOLINA	Improvisación e acompañamento
A. SÁNCHEZ PENA	Piano Práctico. 2º A e B
F. SCHUBERT	4 Ländler D814
F. SCHUBERT	Children's March D928
F. SIERRA	Pezas para piano a 4 mans
P.TCHAIKOVSKY	50 Russian Folksongs
J. B. VANHAL	24 pequenos duettos

Esta listaxe ten carácter orientativo, quedando a xuízo do profesor a elección doutras obras de características

similares ou a utilización destas en cursos distintos a aquel en que aparecen apuntadas, se o estima o máis conveniente para o alumno.

# 4º GP

## INDICE

### I.-CONTIDOS

### II.-CRITERIOS DE AVALIACIÓN

### III.-PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

- A.-PROCEDEMENTO ORDINARIO.
- B.-AVALIACIÓN DE MAIO
- C.-AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA DE XUÑO

### IV.-PROCEDEMENTO ESTABLECIDO PARA A RECUPERACIÓN DO CURSO

### V.-METODOLOXÍA

### VI.- RECURSOS DIDÁCTICOS E REPERTORIO ORIENTATIVO

## I.-CONTIDOS

### 1. Práctica instrumental en diferentes formacións de conxunto.

- Interpretación de pezas de piano a 4 e 6 mans.
- Interpretación de pezas de piano a 4 mans en dous pianos.
- Interpretación de pezas a dúo ou trío con outros instrumentos distintos ao piano.

### 2. Traballo gradual do repertorio básico máis significativo da agrupación correspondente.

- Práctica de pezas homofónicas: Melodía acompañada, situada esta no rexistro agudo ou no instrumentista da agrupación.
- Práctica de pezas homofónicas: Melodía acompañada, situada esta no rexistro grave.
- Práctica de pezas homofónicas, con intercambio da melodía entre os dous rexistros ou instrumentistas.
- Práctica de pezas predominantemente homofónicas, con algún deseño imitativo.
- Práctica de pezas polifónicas, con deseños imitativos.

### 3. Análise dos elementos formais, estéticos, e estilísticos das obras do repertorio para traballar o fraseo musical e os recursos expresivos que permitan demostrar o grao de madurez interpretativa.

- Recoñecemento da época e do estilo da obra para adecuar os recursos interpretativos.
- Recoñecemento da forma da obra para planificar o fraseo e a estrutura dinámica: Fuga, Binaria (AA', AB), Ternaria (ABA, ABA'), Rondó (ABACA), Tema con variacións.

### 4. Análise dos elementos melódicos, rítmicos e harmónicos como coñecemento do lugar e papel de cada un dos integrantes no grupo, para un equilibrio sonoro e de planos.

- Recoñecemento dos elementos melódicos máis significativos para traballar a acentuación e as direccións das frases musicais: Notas do acorde e Notas de adorno
- Recoñecemento e diferenciación da melodía e do acompañamento, tendo en conta o distinto tratamento dinámico dos mesmos (planos sonoros).
- Recoñecemento dos procesos cadenciais: Semicadencia, Cadencia perfecta, Cadencia plagal, Cadencia rota.
- Análise dos acordes básicos: I, II, IV, V, V-V, VI
- Recoñecemento dos apoios rítmicos dun deseño dado, tendo especial coidado coa interpretación dos silencios.

### 5. Estudo e práctica dos xestos anacrúsicos propios de cada instrumento, para a correcta reacción e comprensión ante os xestos do resto do grupo necesarios para tocar sen Diretor.

- Desenvolvemento do hábito de mirar ao compañeiro para unificar o fraseo.
- Práctica da xestualidade axeitada para aprender a dar un sinal claro do comezo da obra e do tempo co que se vai a interpretar.
- Traballo dos xestos axeitados para comezos téticos e anacrúsicos, cambios agónicos e finais simultáneos.

### 6. Desenvolvemento da práctica en grupo en relación co papel de cada un dos membros e a súa responsabilidade.

- Desenvolvemento do hábito de levar o papel principal tendo en conta a responsabilidade que conleva.
- Desenvolvemento do hábito de levar o papel secundario, axudando en todo momento o resultado sonoro.

### 7. Valoración do silencio como marco da interpretación.

- Interpretación do silencio antes e despois da interpretación da obra.
- Medida exacta dos silencios intercalados na obra.
- Análise do significado dos distintos silencios que aparecen ao longo da obra e a súa correcta interpretación.

### 8. Traballo en grupo dos aspectos básicos necesarios para alcanzar a unidade sonora: ataque, articulación, ritmo e fraseo ademais de respiración, afinación e vibrato naqueles instrumentos que polas súas características así o precisen.

- Coordinación da respiración para comezar a obra.
- Análise do texto musical para unificar ou diferenciar os ataques, como proceda en cada caso así como as articulacións e o fraseo.

### 9. Práctica colectiva da agónica e a dinámica como elementos esenciais da interpretación musical.

- Traballo e unificación da agóxica (ritardando, rubato, etc.) das distintas obras, tendo en conta as diferentes necesidades expresivas e de carácter.
- Traballo e unificación da dinámica das distintas obras, tendo en conta o estilo da obra e o equilibrio sonoro do conxunto.

#### **10. Interpretación de obras do repertorio de conxunto.**

- Execución de obras sinxelas do repertorio clásico e contemporáneo (tanto orixinais, como adaptacións), a 4 e 6 mans.
- Execución de obras sinxelas do repertorio clásico e contemporáneo (tanto orixinais como adaptacións) a 2 pianos.
- Execución de obras sinxelas do repertorio clásico e contemporáneo (tanto orixinais como adaptacións) a dúo ou trío con outros instrumentistas.

#### **11. Audicións comparadas de diferentes interpretacións de conxunto, para analizar de xeito crítico, as características das diferentes versións:**

- Análise de audicións de obras a 4 e a 6 mans, a 2 pianos e a dúo ou a trío con outros instrumentistas, con debate posterior e crítica construtiva.
- Análise comparativa de diferentes versións dunha mesma obra para 4 e a 6 mans, a 2 pianos e a dúo ou a trío con outros instrumentistas, establecendo diferenzas e similitudes nas distintas interpretacións.

#### **12. Realización de gravacións da práctica instrumental como medio de observación e análise.**

- Análise e crítica construtiva de audicións propias e alleas, interpretando música de conxunto.
- Debate e propostas de mellora na interpretación propia e allea.

#### **13. Búsqueda de información relacionada coas formacións de conxunto ao longo da historia da música.**

- Recopilación de datos acerca da orixe e evolución das agrupacións para teclado e da maior ou menor importancia desta música ao longo da historia no repertorio clásico.
- Recopilación de información acerca das numerosas transcritións para 4 mans de obras clásicas realizadas ao longo do Romanticismo como repertorio para el músico afeccionado.

#### **14. Adestramento da memoria de acordo ás necesidades do grupo e/ou a partitura como son a dificultade de pasaxes, os pases de folia e a interrelación musical entre os membros do grupo aplicando progresivamente ferramentas e competencias para o desenvolvemento da mesma.**

- Utilización da memoria para dar continuidade á pasaxe nos cambios de folia, escollendo para iso o momento axeitado e aproveitando os silencios.
- Memorización de cada entrada do piano, o inicio logo dun silencio ou as diferenzas ou bifurcacións que se establecen nun momento dado entre dous ou máis fragmentos iguais dunha obra (exposición-reexposición, a 2ª vez logo dunha barra de repetición, progresións...)

#### **15. Práctica habitual da lectura a primeira vista das obras en parte ou na súa totalidade.**

- Execución de obras de pouca dificultade que permitan unha interpretación musical sen interrupcións nin repeticións.
- Adquisición do hábito de integrarse con outros instrumentistas á vez que se realiza a lectura a primeira vista.
- Desenvolvemento da capacidade de sintetizar e simplificar a información, sen pararse nin volver hacia atrás.

#### **16. Desenvolvemento de estratexias de estudo e aprendizaxe que permitan alcanzar un grao de autonomía cada vez maior.**

- Profundar na análise dos hábitos correctos e eficaces de estudo.
- Proposta de estratexias para alcanzar o maior rendemento posible do tempo empregado e adquirir autonomía artística tanto a nivel individual como de conxunto.
- Planificación diaria do estudo fixándose obxectivos realizables, anotando o progreso realizado ao finalizar a sesión e planificando a seguinte.

#### **17. Interpretación en público de obras de diferentes estilos e épocas traballadas previamente no aula.**

- Organización de sesións musicais con diferentes condicionantes, (entre compañeiros, familiares ou públicas) que permitan a adquisición do hábito do recital público.

- Análise do proceder e a experiencia no escenario: movementos relaxados, saúdos, anticipación mental do carácter da obra, coordinación cos outros instrumentistas...

## II.-CRITERIOS DE AVALIACIÓN

### 1. Participar con interese, talante crítico e espírito de superación.

Con este criterio valorarase en que medida o alumno ou a alumna:

- Coopera activamente co resto dos compoñentes do grupo.
- Responsabilízase do grupo cando desenvolve as funcións de Director ou Directora.
- Implícase na resolución conxunta de problemas e no desenvolvemento de estratexias para unha maior calidade interpretativa.

### 2. Mostrar a capacidade de aprendizaxe progresiva a través da interpretación.

Con este criterio valorarase en que medida o alumno ou a alumna:

- Responsabilízase como membro do grupo estudando en casa as obras correspondentes ao repertorio programado e contribúe ao progreso da calidade interpretativa no traballo gradual de cada obra.
- Segue as instrucións do profesor ou da profesora.
- Localiza acertos e erros, elabora plans para solucionarlos e os incorpora no estudo das obras.
- Mostra unha actitude positiva e de perseveranza ante as dificultades da interpretación.

### 3. Interpretar obras do repertorio propio da agrupación correspondente de acordo coa análise formal, estético e estilístico realizado.

Con este criterio valorarase en que medida o alumno ou a alumna:

- Identifica os elementos melódicos máis significativos: notas pertencentes aos acordes e extrañas á harmonía (notas de adorno).
- Identifica os elementos formais: forma binaria (AA', AB), ternaria (A-B-A), rondó (ABACA), Tema con variacións.
- Identifica os procesos cadenciais: cadencia perfecta, cadencia plagal e semicadencia
- Identifica os acordes básicos: I, II, IV, V, V-V, VI.
- Identifica os elementos estéticos e estilísticos de cada obra.
- Alcanza a unificación do fraseo, articulación, a precisión rítmica e o equilibrio sonoro entre as partes, en función do estilo.
- Interpreta obras do repertorio de piano a 4 ou a 6 mans, a 2 pianos ou en dúos ou tríos con outros instrumentistas, axeitándoas ao estilo.
- Ten coñecemento do lugar que ocupa no grupo e o papel que desempeña para unha mellor distribución en canto ao soporte rítmico, harmónico e sonoro.
- Responsabilízase como membro do grupo interpretando e dirixindo as obras traballadas no aula.

### 4. Actuar como responsable do grupo, dirixindo a interpretación colectiva mentres realiza a súa propia parte.

Mediante este criterio valorarase en que medida o alumno ou a alumna:

- Ten un coñecemento global da partitura e utiliza os xestos necesarios da concertación.
- Unifica o son: ataque, articulación, ritmo e fraseo ademais de respiración, propoñendo os seus propios criterios.

### 5. Aplicar constantemente a audición polifónica.

Mediante este criterio valorarase en que medida o alumno ou a alumna:

- Detecta o grao de diferenza en canto a dinámica, agóxica e fraseo.
- Axusta e corrixe o desequilibrio rítmico e sonoro que puidese producirse dentro do grupo, e en caso de erro sendo capaz de continuar a interpretación.

### 6. Interpretar de memoria parte do repertorio traballado de acordo ás necesidades do grupo.

Mediante este criterio valorarase en que medida o alumno ou a alumna:

- Aplica a memoria como recurso ante a dificultade dunha pasaxe.
- Recorre á memoria ou improvisa, nos pases de folia da partitura.
- Interpreta de memoria determinados pasaxes que esixen a atención cara a outros compoñentes do grupo.

### 7. Ler a primeira vista obras do repertorio de Conxunto de pequena dificultade na agrupación que corresponda.

Mediante este criterio preténdese constatar en que medida o alumno ou a alumna:

- Toca a primeira vista con fluidez e comprensión fragmentos musicais curtos de pezas a 4 ou 6 mans, a 2 pianos ou a dúo ou trío con outros instrumentistas, sen interrupción nin repeticións, priorizando a interpretación musical.
- Intégrase cos outros instrumentistas á vez que realiza a lectura a primeira vista.

### 8. Interpretar en público obras de diferentes estilos e épocas traballadas previamente na aula.

Con este criterio preténdese avaliar en que medida o alumno ou a alumna:

- Interpreta con rigor obras de conxunto de acordo coa estética das obras e as características da agrupación da que forme parte, con todas as posibilidades e recursos do instrumento.
- Mostra a súa capacidade de autocontrol, concentración, hábitos posturais e o seu grao de madurez interpretativa para non entorpecer a marcha

## III.-PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN

### A.-PROCEDEMENTO ORDINARIO

1ª Avaliación	2ª Avaliación	Avaliación Final de Xuño
Medios e Instrumentos	Rexistros	Criterios de Cualificación A cualificación obtense segundo as seguintes porcentaxes
A.-Traballo diario no aula	Caderno de Clase	70%
A1 Traballo diario		60%
A2 Actitude		10%
B.-Exames (internos ou públicos)	Caderno de Clase, Gravación	15%
		30% para alumnos que por causa xustificada non poidan participar na Audición
C.-Unha Audición didáctica	Caderno de Clase, Gravación	15%

A valoración das aprendizaxes dos alumnos farase tomando como referencia inmediata os criterios de avaliación establecidos na materia de conxunto. O seu nivel de cumprimento deberá ser medido en relación aos obxectivos educativos. O profesor obterá a información dos alumnos por medio de dúas formas de avaliación:

- a. - **Avaliación continua e integradora:** O profesor valora de forma constante, mediante a observación directa das actividades realizadas durante as clases, o progreso do alumno ou alumna durante cada trimestre, así como a súa actitude na aula e cara á materia, e a súa asistencia, a partir das cales valorarase positivamente o interese, o rendemento e a implicación por parte do alumno ou alumna tanto no desenvolvemento das clases, como no traballo realizado na casa e nos ensaios cos seus compañeiros.
- b. - **Avaliación puntual** en forma de exames trimestrais e audicións.

- Os Exames trimestrais consistirán:
  - Análise dunha peza sinxela a 4 mans, a 2 pianos ou outras agrupacións de conxunto.
  - Lectura a primeira vista dunha peza sinxela a 4 mans.
  - Interpretación en forma de audición, na aula, das obras programadas en clase para cada trimestre.
  - Interpretación en público (asistirán os profesores da materia e os alumnos que a cursan). O profesor valorará o comportamento do alumno na audición e a calidade do traballo presentado desta forma.
- A Audición didáctica pública coa asistencia das familias dos alumnos e onde traballarán a posta en escena do recital.

Tendo en conta unha das características principais da materia de conxunto que é tocar en grupo, valorarase o resultado musical da formación a hora da avaliación. Polo que a cualificación será a mesma para todos os integrantes do grupo, podendo diferenciarse en casos moi sinalables.

A 1ª e 2ª Avaliación terán unicamente un valor informativo sobre o desenvolvemento da aprendizaxe e as actividades realizadas polo alumno ou alumna. A 3ª Avaliación terá carácter de sesión de Avaliación Final.



Os resultados da avaliación expresaranse a través de cualificacións numéricas utilizando a escala de 1 a 10 sen decimais, considerándose positiva a cualificación igual ou superior a 5 e negativo a inferior a 5.

#### Mínimos exigibles para a obtención dunha avaliación positiva

- **Análise** dunha peza sinxela a 4 mans, a 2 pianos ou outras agrupacións de conxunto.
- **Lectura a primeira vista** dunha peza sinxela a 4 mans.
- **Interpretación** das obras programadas para cada trimestre con corrección técnica e musical

#### B.-AVALIACIÓN DE MAIO (Art. 99 N.O.F.)

Os alumnos que superen o número de faltas de asistencia establecido no artigo 99 das Normas de Organización e Funcionamento e perdan o dereito a avaliación continua realizarán una proba específica en Xuño.

Medios e instrumentos	Rexistros	Criterios de Cualificación A cualificación obterase segundo as seguintes porcentaxes	
Proba	· Acta de Cualificación · Acta de Avaliación Final	Análise dunha peza sinxela Lectura a primeira vista Interpretación das obras	10% 10% 80%

#### Contido da proba

- Análise dunha peza sinxela a 4 mans, a 2 pianos ou outras agrupacións de conxunto.
- Lectura a primeira vista dunha peza sinxela a 4 mans.
- Interpretación de 3 obras de cámara, a elección do alumno de entre as programadas para o curso.

O tribunal valorará a dificultade interpretativa do repertorio presentado. O alumno deberá achegar o seu acompañante.

#### Criterios de cualificación. Valorarase:

- A capacidade de análise dunha partitura e dos seus compoñentes melódicos e rítmicos, en función do papel que desempeñan na obra.
- A capacidade para ler a primeira vista sen interrupcións.
- A interpretación das obras, tanto técnica (igualdade de dedos, limpeza de execución, velocidade, uso do pedal) como musicalmente, adaptándose ao resto dos compoñentes do grupo e en función do estilo da obra.

Os resultados da avaliación expresaranse a través de cualificacións numéricas utilizando a escala de 1 a 10 sen decimais, considerándose positiva a cualificación igual ou superior a 5 e negativo a inferior a 5.

#### C.- AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA XUÑO

Os alumnos que non acaden una cualificación positiva na materia en xuño, deberán presentarse a unha proba específica, na data que o centro publicará no taboleiro, unha vez realizada a Avaliación Final.

Medios e instrumentos	Rexistros	Criterios de Cualificación A cualificación obterase segundo as seguintes porcentaxes	
Proba	· Acta de Cualificación · Acta de Avaliación Final	Análise dunha peza sinxela Lectura a primeira vista Interpretación das obras	10% 10% 80%

#### Contido de proba

- Análise dunha peza sinxela a 4 mans, a 2 pianos ou outras agrupacións de conxunto.
- Lectura a primeira vista dunha peza sinxela a 4 mans
- Interpretación de 3 obras de cámara, a elección do alumno de entre as programadas para o curso.

O tribunal valorará a dificultade interpretativa do repertorio presentado. O alumno deberá achegar o seu acompañante.



**Criterios de cualificación** .Valorarase:

- A capacidade de análise dunha partitura e dos seus compoñentes melódicos e rítmicos, en función do papel que desempeñan na obra.
- A capacidade para ler a primeira vista sen interrupcións.
- A interpretación das obras, tanto técnica (igualdade de dedos, limpeza de execución, velocidade, uso do pedal) como musicalmente, adaptándose ao resto dos compoñentes do grupo e en función do estilo da obra.

Os resultados da avaliación expresaranse a través de cualificacións numéricas utilizando a escala de 1 a 10 sen decimais, considerándose positiva a cualificación igual ou superior a 5 e negativo a inferior a 5.

**IV.-PROCEDEMENTO ESTABLECIDO PARA A RECUPERACIÓN DA MATERIA**

- Aqueles alumnos que obteñan cualificación negativa nalgunha das obras programadas para cada trimestre ou nalgunha das avaliacións, poderán presentarse a unha proba onde terán que interpretar as obras pendentes. No caso de non obter unha cualificación positiva na dita proba, deberán recuperar a materia presentándose a proba extraordinaria de xuño.
- Do programa establecido polo profesor ao longo do curso, o alumno escollerá 3 obras que deberá presentar á proba de setembro. O tribunal valorará a dificultade interpretativa do repertorio presentado. O alumno deberá achegar o seu acompañante.
- Aqueles alumnos que promocionen de curso coa materia de conxunto pendente, recuperarán a materia na clases do curso seguinte. Os alumnos poderán recuperar a materia pendente en calquera das avaliacións do seguinte curso, cando así o determine o profesor e o comunique á Xunta de Avaliación.

**V.-METODOLOXÍA**

**Lectura a primeira vista:** Facilitada unha partitura sinxela, o alumno disporá duns minutos para observar o perfil melódico e a harmonía. A continuación observará as distintas entradas e o papel que lle corresponde. De seguido interpretarán a peza no instrumento, sendo prioritaria a continuidade do discurso musical e se fora posible a interpretación musical.

**Interpretación de obras:** O alumno traballaría a obra en casa, sendo previamente asesorado polo profesor, quen dará as pautas de dixitación e todas aquelas que o alumno necesite previas ao estudo da obra. Na aula antes da interpretación, farase unha análise, en conxunto, de todos os elementos relevantes para unha correcta interpretación.

Proceso de corrección: Estará a cargo dos intérpretes, do profesor e do resto dos alumnos da clase. Faise unha posta en común dos acertos e as posibles melloras: Velocidade constante, corrección de notas, equilibrio sonoro, adecuación ao estilo, expresividade. Este proceso dura varias sesións, en función da dificultade da obra e da preparación do alumno. A meta final é unha audición pública, a cal preparárase tamén na clase.

Debemos fomentar a implicación absoluta dos alumnos na organización e participación nas distintas audicións públicas. Isto desenvolverá neles a súa capacidade de concentración, estudar cunha meta ou data límite, programada con antelación, hábitos de posta en escena, e outra serie de capacidades que lles permitirán ir, aos poucos, afacéndose a gozar coa interpretación musical.

**Análise de partituras e Audicións:** Periodicamente escoitaranse audicións de música gravada de distintas obras de diferentes agrupacións, recoñecendo os recursos interpretativos e debatendo as similitudes ou variacións entre as diferentes versión.

O docente poderá formar parte do grupo, ben por ausencia dalgún membro ou por calquera outro motivo, coa finalidade de facilitar o traballo na aula así como a motivación e a progresión musical.

**VI.-RECURSOS DIDÁCTICOS E REPERTORIO ORIENTATIVO****Recursos didácticos**

- Ordenador
- Cámara de vídeo e gravadora
- Biblioteca: partituras e libros
- Fonoteca: DVDs, Cds e cintas de vídeo

**Repertorio orientativo**

B. BARTOK	Mikrokosmos (Pezas a 4 mans)
J. BRAHMS	16 Valses para 4 mans Op. 39
M. CAMP	Basic Jazz. Piano a catro mans. Vol. 1 e 2
M. CLEMENTI	Sonatinas para piano a 4 mans
C. DEBUSSY	Six Epigraphes Antiques
A. DIABELLI	Pezas melódicas para piano a 4 mans
F. EMONTS	Danzas festivas tradicionais
D. KABALEWSKY	12 Variacións fáciles para piano a 4 mans
G. LIGETI	5 Pezas para piano a 4 mans
Uli MOLSEN	Pezas para piano a 4 mans
E. MOLINA	Improvisación e acompañamento
A. SÁNCHEZ PENA	Piano Práctico. 2º A e B
F. SCHUBERT	4 Ländler D814
F. SCHUBERT	Children's March D928
F. SIERRA	Pezas para piano a 4 mans
P.TCHAIKOVSKY	50 Russian Folksongs
J. B. VANHAL	24 pequenos duettos

Esta listaxe ten carácter orientativo, quedando a xuízo do profesor a elección doutras obras de características similares ou a utilización destas en cursos distintos a aquel en que aparecen apuntadas, se o estima o máis conveniente para o alumno.

### PROCEDIMENTOS DE ACCESO AO CURRÍCULO PARA ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECÍFICAS (ANEE)

A LOE fundamenta na igualdade e na equidade a atención ao ANEE de apoio educativo. A normalización e a inclusión preséntanse coma a base de intervención. No capítulo II “A organización das ensinanzas e a aprendizaxe ao longo da vida” sinala no artigo 3 que as ensinanzas adaptaranse ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo. Dita adaptación garantiría o acceso, a permanencia e a progresión deste alumnado no sistema educativo.

Da normativa vixente en materia de ANEE extraemos que as medidas de atención á diversidade desenrólense nos seguintes niveis:

- Adaptacións de acceso. Son as que centran o seu efecto na posibilidade de acceso dos alumnos a todos os espazos e servizos do centro educativo.  
(Amparado polas Leis 8/1997, do 20 de Agosto e a Lei 51/2003, do 2 de Decembro).
- Adaptacións organizativas ou medidas de reforzo educativo. Afectan aos elementos non prescritivos do currículo.
- Adaptacións curriculares. Modifican os compoñentes básicos ou prescritivos do currículo das diferentes áreas curriculares.

O trazo profesionalizador que determina ás ensinanzas regradas impartidas nos conservatorios de música fai que xurda o cuestionamento da posibilidade da obtención de titulacións oficiais e a validez das mesmas, en relación á modificación de elementos prescritivos do currículo. Outra dificultade é que os centros de ensinanza musical non contan con equipos psicopedagóxicos de apoio nin persoal especializado nas materias.

Cando o departamento se atope cun alumno con NEE terá que cuestionarse:

- Como levar a cabo una programación que resulte funcional?
  - Como adaptar os recursos materiais ás características detos alumnos?
- Dende o centro podemos solicitar á Administración educativa materiais adaptados, podemos asistir a cursos de formación e conferencias relacionadas coa necesidade específica do alumno.

O departamento de tecla especifica que os elementos prescritivos do currículo non se poden modificar dado o carácter profesionalizador desta ensinanza.

### **ACTIVIDADES CULTURAIS E DE PROMOCIÓN DAS ENSIANZAS PROGRAMADAS POLO DEPARTAMENTO DE PIANO**

As actividades poderanse levar a cabo dentro e fora do centro educativo, organizaranse dentro do departamento e levaranse a cabo dentro das posibilidades do momento, que se deberá estudar. Dentro do centro realizaranse: visitas a outras aulas, audicións didácticas no salón de actos, concertos exprés no hall do centro, cursos, masters class, charlas... Consistirían en saídas a teatros, musicais, diferentes concertos didácticos como por exemplo o ciclo Sen Batuta que se realiza na provincia de Ourense.

### **PROCEDEMENTOS PARA COORDINAR, VALORAR E REVISAR O DESENVOLVEMENTO E O RESULTADO DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA**

- Tomar conciencia, como membro dun grupo, do enriquecemento que se produce nas achegas dos demais, participando na organización e realización de actividades musicais desenvolvidas en diferentes contextos, con respecto e disposición para superar estereotipos e prexuízos.
- Enriquecer as posibilidades de comunicación tanto individuais como en grupo, utilizando recursos tecnolóxicos para expresar ideas e sentimentos.
- Se necesitamos procesos de formación para avanzar nalgunha liña iniciada ou para modificala
- Se xurdiron problemas ou necesidades non previstas que esixan ser considerados.
- Se os acordos adoptados na Programación resultan positivos para alcanzar os obxectivos propostos.
- Se utilizamos os recursos humanos e materiais conforme aos criterios propostos nesta Programación.

Como resultado da análise e posterior avaliación destes aspectos, introduciranse, se fose necesario, as modificacións oportunas á Programación Didáctica ben para profundar nos acordos ou para introducir acordos diferentes. O procedemento a seguir será o seguinte:

- Corresponde ao equipo docente de Piano expor necesidades, presentar propostas, introducir cambios.
- Cada ano realizarase unha avaliación global da Programación Didáctica e consideraranse as modificacións dos seus aspectos básicos, explicitando na PXA (Programación Xeral Anual) os aspectos que se revisarán anualmente.

### **PROCEDEMENTOS PARA REALIZAR A AVALIACIÓN INTERNA DO DEPARTAMENTO DE CONXUNTO**

No noso conservatorio, non só debemos avaliar ao alumno, senón tamén ao profesor, así como a influencia da actuación dos pais ou en que grao o persoal non docente facilita a consecución do proxecto educativo. Ademais, a potestade de avaliar deberá recaer tanto no profesor, os alumnos tamén avalíen e que os pais e persoal non docente interveñan igualmente avaliando a actuación docente, o programa, os recursos empregados, o contexto, etc

#### **A avaliación interna e externa**

O centro educativo que cada vez se concibe máis a si mesmo como autónomo e como realidade que aprende, require incrementar e desenvolver a avaliación interna (ou autoavaliación) e resituar a avaliación externa.

Se un centro educativo adquire e toma protagonismo e autonomía na súa organización e funcionamento e nas formulacións educativas e curriculares estará moi interesado por coñecer cales son os seus logros, o relevante do camiño percorrido, as dificultades e deficiencias atopadas e relanzar desde aí o seu programa. Para que o centro funcione sempre ben, non nos debemos fixar só no rendemento do alumno; son múltiples os factores que contribúen hoxe en día á calidade e excelencia do conservatorio. O afianzar a avaliación interna non vai en contra da avaliación externa; ao contrario, ambas se complementan. Mentres que a avaliación externa preocúpase máis dos resultados, de comparar e clasificar, a autoavaliación atenderá máis os procesos e os aspectos formativos da avaliación.

A autoavaliación é unha realidade cada vez máis presente e caracterízase por:

Iníciase no centro educativo:

- 1) Realízana profesionais que actúan nel, sen excluír a posibilidade de axudas externas
- 2) O seu obxecto é mellorar e comprender a práctica

Búscase:

- 1) reflexionar sobre o que se fai
- 2) clasificar a comprensión do que se fai e/ou pretende facer
- 3) impulsar o diálogo e a participación
- 4) manter e incrementar a moral e cohesión dos membros
- 5) prover información sobre aspectos da institución
- 6) corrixir erros
- 7) intensificar o esforzo do esencial
- 8) aumentar a coherencia e coordinación do persoal
- 9) axudar ao perfeccionamento do profesorado.

O modelo de autoavaliación implica actividade colectiva e supera a consolidación que atribúe todas as causas dos eventos a accións individuais. Neste sentido resulta ser unha clave fundamental na reestruturación institucional, substituíndo o control burocrático e uni-direccional pola autorregulación e autocontrol.

A participación nos procesos de autoavaliación non só é unha esixencia técnica, senón social. A participación dos usuarios das institucións achega validez ás preguntas, indicadores, criterios, etc. O problema non residirá en admitir esa participación senón en delimitar a forma e o grao como se ha de desenvolver.

A autoavaliación como concreción dunha reflexión permanente e compartida sobre a acción educativa deixa así de ser sentida como unha ameaza, fiscalización ou imposición para converterse nunha escusa, medio para o intercambio, o encontro ou a axuda. Esta modalidade de avaliación podería clasificarse ao mesmo tempo de externa e interna, na medida en que poden intervir axentes externos que faciliten o proceso de autorreflexión: está guiada por principios democráticos; e máis aló do valor que poida ter para os centros educativos, permite xerar un coñecemento sobre as escolas e favorecer os procesos de autorreflexión

*Avaliación interna:* é aquela que é levada a cabo e promovida polos propios integrantes dun centro, un programa educativo, etc.

A súa vez, a avaliación interna ofrece diversas alternativas de realización: autoavaliación, heteroavaliación e coavaliación.

\* Autoavaliación. Os avaliadores son os propios membros do departamento .

\* Heteroavaliación: avaliarase unha actividade, obxecto ou produto, os avaliadores son distintos ás persoas avaliadas (o Consello Escolar, Claustro de profesores, etc.)

\* Coavaliación: é aquela na que uns grupos se avalíanse mutuamente (alumnos e profesores mutuamente, uns e outros equipos docentes, o equipo directivo ol Consello Escolar e viceversa). Avaliadores e avaliados intercambian o seu papel alternativamente.

## **ANEXO I**

### **PROBAS DE ACCESO**

#### **Probas de Acceso de 2º a 6º Grao Profesional:**

En todas as especialidades as probas consistirá na interpretación, co instrumento da especialidade a que se opte, de **UNHA obra de libre elección**. Esta obra será escollida do repertorio de Conxunto do instrumento o que se opte, e deberá correr por conta do examinando o acompañamento necesario para a súa interpretación.

Nas Probas de Acceso de 2o a 4o G.P., nas probas Instrumentais, como mínimo, unha das obras que presenta, deberá ter unha formación, de a lo menos, dúas persoas e a súa duración será superior a 5 minutos.. (os/as aspirantes deberán consultar as programacións das probas de acceso das demais materias do curso ao que desexa realizar a proba)

Segundo as instrucións da Orde do 28 de xullo de 2008, publicada no D.O.G. do 18 de agosto de 2008 no seu capítulo III, artigo no 9, a lei di: "(...) No caso de que a proba de acceso requira da participación dalgún tipo de acompañamento musical, ben sexa pianístico ou para música de cámara, este correrá a cargo do/da aspirante á praza (...)

As obras a presentar polo examinando deberán ser consultadas por este co/a profesor/a ou co departamento de Conxunto, para se axeitaren ao nivel real do curso; de non terse consultado, o/a profesor/a da materia valorará o nivel das obras presentadas polo examinando, que, no caso de que non seren acordes ao preceptivo nivel, será a causa principal da non superación do exercicio e, polo tanto, da materia. Os membros da/s formación/s de conxunto coa/s que o examinando presente á proba, serán competencia e responsabilidade exclusiva deste. Nin o/a alumno/a, nin o conservatorio teñen a obriga de proporcionar os medios humanos para o conxunto co que se realizará a devandita proba, tal como o indica a Lei.

#### **Contidos.**

- 1.A unidade sonora: respiración, ataque, vibrato, afinación, articulación, ritmo, fraseo, etc.
- 2.Agóxico e dinámico.
- 3.Posta en práctica dos xestos anacrúsicos para tocar sen dirección.
- 4.Equilibrio sonoro de planos.
- 5.Control permanente da afinación.
- 6.Desenvolvemento da igualdade de ataques.
- 7.Correcta interpretación de obras do repertorio.
- 8.Práctica de conxunto da agrupación correspondente.

#### **Cráterios de cualificación**

Criterios Técnicos (Técnica, traballo, hixiene postural...) 50 %

Criterios Estéticos (Interpretación, son, resultado musical...) 50%

### ***Criterios de avaliación***

Interpretar obras do repertorio da agrupación correspondente. Con este criterio preténdese avaliar a capacidade de unificación do criterio interpretativo entre todos os compoñentes do grupo e do equilibrio sonoro entre as partes.

- Actuar como responsable do grupo dirixindo a interpretación colectiva mentres realiza a súa propia parte, se procede. Mediante este criterio, preténdese verificar se o alumnado ten un coñecemento global da partitura e sabe utilizar os xestos necesarios da concertación. Ademais, pódense valorar os seus criterios sobre unificación do son, timbre, vibrato, afinación, fraseo, etc.
- Executar con correcta afinación, articulacións, fraseo, matices... as obras correspondentes ao repertorio programado. Mediante este criterio preténdese avaliar o sentido da responsabilidade como membro dun grupo, a valoración que ten o seu papel dentro deste e o respecto pola interpretación musical.
- Interpretar obra/s do repertorio para conxunto. Este criterio serve para comprobar a unificación do fraseo, a precisión rítmica, o equilibrio sonoro, a preparación de cambios dinámicos e de acentuación, así como a adecuación interpretativa ao carácter e ao estilo da música interpretada.